

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE MAIO

DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de maio de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández, e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre, do PP, e don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE.

Faise constar que don José Antonio Orosa Fernández incorpórase á sesión cando son as 20:30 horas.

Asisten dona Isabel M^a Fuentes Torices, por delegación da interventora municipal, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Toma de posesión como concelleiro do Concello de Cambre de don Daniel Carballada Rodríguez, polo BNG

A secretaria da Corporación informa de que para adquirir a condición plena de concelleiro esíxense unha serie de requisitos. Un deles é presentar na Secretaría xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral, outro cubrir a declaración de bens, incompatibilidades e actividades para a súa inscrición no Rexistro de Intereses, e, finalmente, prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

Continúa dicindo que a credencial rexistrouse de entrada no Concello de Cambre o día 2 de maio de 2012, co núm. 5561, e que don Daniel Carballada Rodríguez presentou con data do día 12 de maio de 2012 e co número 6149, as declaracións de bens, incompatibilidades e actividades. Posteriormente presentou certificación da Axencia Tributaria conforme que, segundo os seus datos obrantes, non consta información

relativa a rendas, rendementos imputables por IRPF polo interesado, polo que deu cumprimento a todos os requisitos.

Polo tanto, di que o único que queda é prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

A continuación, co fin de cumprir o requisito legal de prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 29 de xuño, don Daniel Carballada Rodríguez presta xuramento coa fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, e promete pola súa conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O señor alcalde dá a benvida a don Daniel Carballada Rodríguez.

2º Declaración institucional en recordo das vítimas do terrorismo con motivo do 15º aniversario do secuestro e asasinato de Miguel Ángel Blanco

Vista a proposta da Alcaldía de data 24 de maio de 2012.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE pregunta se se trata dunha declaración institucional da Alcaldía ou da Corporación. O señor alcalde contéstalle que é un acordo da Corporación.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que o seu grupo vai a votar a prol, se é un acordo da Corporación, pero que van a ser críticos coa proposta polos seguintes motivos: esta é unha proposta que xurde dunha fundación que se dirixe ao señor alcalde, e o alcalde, como representante do Concello, é moi libre de facer unha ofrenda floral, e gardar uns minutos de silencio, como xa se fixo noutros momentos. Esta petición convértese nunha declaración institucional que se presenta ao pleno, por iso solicitou a aclaración de se se pedía a participación de todos nesa declaración e quere facer algunhas observacións críticas. Cando se cambia dunha declaración institucional da Alcaldía á Corporación hai que ter coidado na redacción dos textos e, fundamentalmente neste tipo de cuestións, dado que parece, tal como está redactado, que se pon a unha vítima sobre as outras, e iso parécelles, cando menos, pouco elegante. Non entenden por que hai que facer unha homenaxe agora e non no resto das prazas que hai no concello dedicadas a outras vítimas do terrorismo de diferentes cores, así temos unha praza Fernando Buesa e unha praza dedicada a José Luis Caso Cortines, ambos vítimas do terrorismo.

Continúa dicindo que nun comunicado, todo cambia en función da interpretación, e se a Alcaldía o presenta como unha declaración institucional da Corporación, gustaríalles tomar parte na súa redacción, dado que nestas cousas hai que ser un pouco coidadoso. Hai aspectos que obedecen a pensamentos de cada quen, que quizais houbese sido máis axeitado ter consensuado entre todos.

A continuación, dona Margarita Iglesias Pais quiere desculpar ao voceiro do seu grupo que non pode asistir á sesión por motivos persoais.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vota a prol e que están totalmente de acordo co que acaba de expoñer a concelleira dona Margarita Iglesias Pais.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, tal como dixo o señor alcalde hai quince anos dese triste atentado e, naquel momento, a Corporación xa condenou radicalmente ese secuestro e atentado. Posteriormente, e por acordo da Corporación, si houbo diálogo, decidiuse dar a unha praza o nome de Miguel Angel Blanco. Gustaríalle que agora tamén houbera diálogo ao facer esta declaración institucional que se atopan non saben se é declaración institucional, unha proposta da Alcaldía, ou unha declaración da Alcaldía.

Continúa a dicir que nestas cousas hai que ter moitísimo coidado, porque non quiere rascar, pero parecía que era unha homenaxe do Partido Popular e non de toda a Corporación, e manifesta que o seu grupo quiere que sexa en nome de toda a Corporación, porque cre que todos están en contra do terrorismo e habería que lembrar a moita xente. En Cambre tamén está a praza de Amador e Daniel, que tamén foron vítimas vilmente asasinadas no monte das Pías, defendendo o seu dereito ao traballo, entón quizais isto debería facerse un pouco máis estenso.

Conclúe dicindo que, de todos os xeitos, o seu grupo vota a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde, voceiro do Grupo Mixto, manifesta que o único que ten que obxectar a esta moción, é que noutras veces cando se fixo unha declaración institucional de toda a Corporación, se solicitou o consenso de todos eles e asinouse por todos os voceiros de cada grupo e esta vez non é así. Continúa a dicir que polo demais comparte integramente toda a proposta e o seu voto é a prol.

A continuación, o Sr. alcalde agradece o voto a prol. De todas as formas, ten que manifestar que, primeiro, non é unha petición nin unha declaración do Partido Popular, é de toda a Corporación e así se di na declaración institucional. Noutra orde de cousas, parécelle estar noutro lugar, porque se puxo de manifesto que esta declaración se presentaba ao Pleno na Xunta de Voceiros, e ninguén puxo ningunha obxección. Ademais, cita a propia declaración: “... *Esta Corporación quiere trasladarlle ás familias de todos os falecidos e vítimas do terrorismo o seu inquebrantable apoio e admiración pola súa actividade pacífica en prol da democracia no noso país nos últimos anos.*”. Non é que se faga na praza de Miguel Angel Blanco ou que se poña aquí os case mil asasinados por ETA. Quizais terían que poñer nome e apelidos a todos e lle parecería ata correcto. Continúa a dicir que, simplemente, unha fundación solicitoulle que o celebraran, e o celebran. Agradece o voto a prol e manifesta que se se cometeu algún erro, pide desculpas.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que o Sr. alcalde acaba de lelo, converte o acordo nunha proposta de Alcaldía, fala desta Corporación e cando fala desta Corporación ten que someterse a votación e debe ser un acordo que adopte toda a Corporación. Se é unha declaración institucional, o lóxico, o elegante, sería que todos os voceiros firmaran a declaración institucional e participaran na redacción do texto. Certo é que, por riba, faise referencia ao resto das vítimas do terrorismo, pero quizais houbese sido un pouco máis axeitado ter destinado o que é toda a declaración ás vítimas con carácter xeral aínda que se faga na data do falecemento de Miguel Angel Blanco e no lugar no que se lle dedica unha praza. Gustaríalle dicir que lle dá a razón ao Sr. Taibo, en canto á confusión que hai neste acto cando nos medios de comunicación se di textualmente: “o Partido Popular de Cambre pretende que o acto consista nunha ofrenda floral e que se leve a cabo na praza do municipio que leva o nome do político vasco de orixe galego asasinado por ETA”. Tal como se presentou, parece que é unha homenaxe e unha especie de moción un pouco trampa que hai que tragar con ela, porque senón, pode ser obxecto doutras críticas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que cando o Sr. alcalde fala dos mil asasinados por ETA vítimas do terrorismo, el pensa que houbo máis vítimas do terrorismo, unhas foi ETA e outras vítimas que non foi ETA. Pensa que hai que xeneralizar, vítimas hai moitísimas, ou sexa, a homenaxe ás vítimas do terrorismo, é de calquera tipo de terrorismo.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso Garcia Patiño manifesta que isto se soluciona falando e poñendo en orde as ideas que teñen todos e redactando un texto entre todos, e así non habería este tipo de problemas. Espera que para a próxima ocasión sexa así.

Conclúe dicindo, en relación co anterior punto, que dá a benvida a don Daniel Carballada Rodríguez e desexándolle toda a sorte do mundo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes neste momento de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por dezaoitto votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte declaración institucional:

“O Concello de Cambre ten manifestado en innumerables ocasións a súa aposta pola defensa da liberdade e o seu rexeitamento de todo tipo de violencia, especialmente a violencia terrorista. O secuestro e posterior asasinato de Miguel Ángel Blanco supuxo un cambio na mentalidade da sociedade española na loita fronte ao terror no noso país que nos levou a enfrontarnos cara a cara contra os terroristas e saír, en medo, as rúas de todas as cidades e vilas de España para esixir o cesamento definitivo da violencia. Case

que quince anos despois o obxectivo está máis preto: A banda terrorista ETA veuse na obriga de cesar definitivamente nas súas accións terroristas. Non obstante, falta o principal paso para que os cidadáns poidamos vivir definitivamente nunha sociedade pacífica e democrática, isto é, a disolución da banda terrorista e a entrega das armas.

O próximo 12 de xullo conmemórase o 15º aniversario do falecemento dun dos moitos demócratas que caeron a mans dos asasinados. O Concello de Cambre e seguro que toda a sociedade española, recordamos a cada un deles con enorme pesar. Esta Corporación quere trasladarlle ás familias de todos os falecidos e vítimas do terrorismo o seu inquebrantable apoio e admiración pola súa actividade pacífica en prol da democracia no noso país nos últimos anos.

Por este motivo, o Concello de Cambre organizará o próximo 13 de xullo unha ofrenda floral na praza Miguel Ángel Blanco en recordo do seu falecemento así como o de todas as vítimas do terrorismo”.

Segundo: Dar conta do presente acordo á Fundación Miguel Ángel Blanco.

3º Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2012, por transferencia de crédito

Vista a proposta da Alcaldía de data 21 de maio de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 29 de maio de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta Maria Vázquez Golpe, concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, expón que se trata de dar cumprimento á moción presentada por UxC no pleno anterior, na que se votou favorablemente destinar parte das dotacións a grupos municipais, en concreto, 33.000 euros, aos fins que o grupo de goberno considere oportunos. Engade que o que se propón é esta modificación de crédito para transferir esa cantidade ao servizo de axuda a domicilio a pedimento de Servizos Sociais, dado que agora mesmo é un servizo que conta con máis de cen usuarios e se estima que a partida non é suficiente. Engade que se presentou un voto particular presentado por EU con data do día 30 de maio de 2012.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que é consciente das múltiples necesidades derivadas sobre todo, das emerxencias sociais e máis concretamente da axuda domiciliaria, como así consta nos informes técnicos. Non entra no debate sobre a oportunidade do goberno de destinar estes 33.000 euros que son minorados do que en principio se lles asignou aos grupos políticos. Considera que hai unha verdadeira necesidade e está de acordo que hai que afrontalo entre toda a Corporación. Esta necesidade significa un pequeno alivio pero non vai amañar o problema polo menos a longo prazo. Engade que por isto quere contribuír con este voto

particular a aumentar este importe, que é un importe que cre que suporá un nove e algo por cen. A continuación, dá lectura ao voto particular que consta do seguinte teor literal:

“Considerando o noso grupo que a cantidade de 33.000 euros, resultante da modificación da asignación da dotación económica aos grupos políticos municipais, resulta ao noso criterio insuficiente para cubrir as múltiples demandas das peticións de emerxencias sociais do concello, motivado entre outras cousas pola profunda crise social e económica que estamos padecendo, e tamén na falta de previsión orzamentaria por parte do goberno do concello. E sendo conscientes que existen recursos e fórmulas para o incremento da dita cantidade.

Por isto o grupo municipal de Esquerda Unida solicita ao Pleno do concello mediante o presente escrito de voto particular, a seguinte proposta de modificación do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda.

Proposta: Que mediante as fórmulas legalmente establecidas, se destine o diñeiro que con motivo da folga xeral convocada polos sindicatos o pasado día 29 de marzo, foi descontado aos traballadores/as municipais que secundaron a mencionada folga. Trasladando a cantidade de diñeiro resultante á aplicación orzamentaria 2012/233/22711 co fin de incrementar o servizo de axuda a domicilio; que segundo informacións do goberno municipal son as seguintes:

descontos salariais, 2.538,19 euros
descontos seguridade social, 650,42 euros
total: 33.000 + 3.188,61= 36.188.61 euros”

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que, comezando polo final, en canto ao voto particular que presenta o grupo de EU manifesta que o seu voto é favorable, sempre e cando non presente incompatibilidade xurídica, xa que serán os servizos xurídicos os que determinen se é procedente ou non aplicar esta partida.

Continúa a dicir que, por outra banda, polo que se refire ao manifestado pola concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo na comisión informativa do pasado martes, cabe deducir, e agora o recordaba, que se vai a contratar un servizo de axuda a domicilio cunha dotación orzamentaria de inicio insuficiente para poder atendelo con plenas garantías e, neste sentido, preguntámonos por que o equipo de goberno non formula detraer doutras partidas económicas os recursos necesarios para atender o servizo, como o que resulta obxecto desta proposta. Di que, unha vez máis, lamenta a falta de comunicación, de diálogo e de busca de consenso do equipo de goberno cos demais grupos políticos presentes na Corporación. Di que asisten a un formulamento unilateral do equipo de goberno, e que polo menos deberían consensuar cos restantes grupos o destino dos fondos aos que voluntariamente todos renuncian, máxime cando sobre a mesa tiñan outras propostas para destinalo a outros fins de interese social, como o emprego ou cuestións de emerxencia social, como

o grupo do PSdeG-PSOE presentou no seu momento. Un diálogo previo en cuestións de tanta transcendencia social é o que reiteradamente vimos demandando do goberno municipal. Por todo isto, a proposta presentada polo equipo de goberno di que lles parece máis efectista que efectiva, por canto non busca resolver os déficits económicos para prestar o servizo de axuda a domicilio polos veciños que o están demandando.

Non obstante, o grupo municipal socialista non se opoñerá nunca a calquera iniciativa que, aínda que insuficiente, busque mellorar as condicións de vida dos veciños, particularmente, daqueles que están vivindo especiais dificultades.

Engade que o veñen dicindo dende o comezo da lexislatura, esta debe ser a lexislatura das familias, hai que aparcar as grandes obras e os grandes fastos, e dedicarse de verdade a atender e resolver as necesidades básicas que calquera cidadán de Cambre, calquera veciño individualmente lles presente, e nese escenario de políticas de proximidade cos nosos veciños, o goberno teraos sempre da súa parte.

Finalmente, manifesta que o voto do seu grupo é favorable á proposta, porque soluciona definitivamente a cuestión da asignación aos grupos políticos e lembra ao equipo de goberno que o fin non xustifica os medios.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo é favorable ao voto particular presentado por EU e está de acordo en que non soamente é necesario, senón que ademais é urxente incrementar esa cantidade orzamentaria, polo tanto, o voto é favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, expón que o seu grupo vota a prol e manifesta que está de acordo con EU e parécelle ben a proposta do goberno. Parécelle ben que estes cartos aos que renuncian os partidos políticos, se destinen precisamente para a axuda ao fogar e, desa maneira, tamén se creará emprego en Cambre. Invita ao grupo de goberno a que faga igual.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto é favorable ao voto particular presentado polo grupo municipal de EU. Di que é verdade que esta proposta que se presenta é unha urxencia que por desgraza cada vez máis familias están avocadas á perda de emprego, ao paro, e mesmo moitas nin teñen paro nin ningún tipo de ingreso, polo tanto, di que lle parece acertado e o seu voto é favorable.

Cando son as 20:30 horas incorpórase á sesión don José Antonio Orosa Fernández, de UxC.

Sometido a votación o voto particular presentado polo grupo municipal de EU, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 1/2012, por importe de 36.188,61 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
Código	Denominación				
233.22711	Servizo de axuda a domicilio	325.000,00	36.188,61		361.188,61
912.489	Grupos municipais	66.000,00		33.000,00	33.000,00
151.12101	Complemento específico persoal Urbanismo	92.731,43		395,91	92.335,52
155.12101	Complemento específico persoal Obras e Servizos	71.993,27		206,12	71.787,15
155.130	Retribucións laborais fixos viais publ	129.897,32		40,73	129.856,59
230.12101	Complemento específico persoal Serv. Soc	34.526,40		174,47	34.351,93
230.130	Retribuc.pers.laboral fixo Serv. Social	141.150,28		60,32	141.089,96
2323.12101	Complemento específico persoal Xuventude	10.456,99		97,39	10.359,60
241.130	Retribuc. laborais fixos A.D.L.	115.631,82		242,00	115.389,82
241.131	Retribuc. laborais eventuais A.D.L.	32.352,23		66,85	32.285,38
330.12101	Complemento específico persoal Cultura	35.497,66		66,20	35.431,46
332.130	Retribucións laborais fixos Biblioteca	113.221,16		76,51	113.144,65
332.131	Retribucións laborais temporais Biblioteca	10.000,00		75,40	9.924,60
341.12101	Complemento específico persoal Deportes	10.456,99		98,23	10.358,76
342.12101	Complemento específico Instalacións deport.	56.822,52		43,64	56.778,88
920.12101	Complemento específico Administracion xeral	197.507,00		360,10	197.146,90
920.16000	Cotas Seguridade Social	216.813,14		650,42	216.162,72
931.12101	Complemento específico persoal Serv. econ.	82.549,02		534,32	82.014,70
Total		1.742.607,23	36.188,61	36.188,61	1.742.607,23

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

4º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2012

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo, do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado e da concelleira

delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 21 de maio de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 29 de maio de 2012.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, expón que, tal e como consta na documentación, realizáronse unha serie de modificacións nas bases que regulan as subvencións a entidades veciñais e, por exemplo, as partidas orzamentarias obxecto desta subvención teñen a dotación aprobada nos orzamentos do ano 2012. Redúcese unha media dun 15% respecto da convocatoria do ano 2012 para actividades e equipamentos deportivos, educativos e culturais. Ten unha redución de preto do 40% respecto da convocatoria do ano 2011 para organizar festas e outras festas que organiza o concello.

Continúa a dicir que non serán subvencionables as actividades que se organicen conxuntamente co concello ou nas que o concello colabore de xeito económico por outros medios. Modifícanse os beneficiarios, as entidades terán que ter un mínimo de quince socios e deberán ter actualizados os datos do Rexistro municipal, cun orzamento anual e programa de actividades. Modifícanse os coeficientes de financiamento, e o importe máximo a subvencionar polo solicitante establécese en 3.000 euros.

Conclúe dicindo que, en termos xerais, son os puntos máis importantes nos que se modificaron as bases.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, expón que o seu grupo vaise abster polos seguintes motivos: Primeiro, ya que nas bases da convocatoria se propón un importantísimo recorte das axudas económicas moi desigual, que vai dende os 1.000 euros por actividades ata unha importantísima rebaixa para as entidades parroquiais que rolda o 40%, pasando de 42.000 euros a 25.000 euros. Continúa a dicir que, sen dúbida, isto vai ter un importantísimo efecto na organización das festas.

Reitera que non entende por que hai esa diferenza na rebaixa por actividades, que vai dende un 5% ata un 40% e, indubidablemente, o seu grupo aplicaría o recorte doutra maneira.

En canto ao segundo punto, o seu grupo non está de acordo cos criterios de avaliación para a confección das axudas. Valora positivamente que se introduxera como criterio as persoas que teñen discapacidade ou risco de exclusión social. Tamén valora as actividades que favorecen a conciliación da vida laboral e familiar, pero considera que a ponderación é insuficiente en relación con outros criterios, como por exemplo, a participación aos actos organizados polo Concello de Cambre con trinta puntos, que é igual ao ano pasado, pero, engade, o seu grupo está para mellorar as cousas e nese punto non está de acordo.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo se vai abster e di que entende que é o goberno o que ten que decidir de onde vai sacar diñeiro para dedicalo a outras partidas e, polo tanto, é unha decisión súa, polo que o seu grupo se vai abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que considera que sempre que hai recortes debe existir unha escala de preferencias e estudar onde se recorta. Pensa que hai outras cuestións onde habería que recortar e aquí, se non aumentar, manter o que había. Reitera que sempre teñen que existir preferencias, e, neste caso, considera que non existen, polo que o seu grupo se abstén.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, expón que o seu grupo se abstén e solicita ao goberno municipal que se faga algunha campaña para que todas aquelas asociacións que teñan dereito a estas subvencións poidan acceder a elas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, expón que se abstén.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, en resposta á intervención da concelleira socialista informa que esta subvención é para a convocatoria de entidades veciñais. O departamento de Cultura está a traballar para compensar doutra maneira esa minoración da subvención, polo tanto, operativamente, non se verá minguada a súa actividade normal, a festa, en principio, non vai ter maior problema.

Continúa a dicir que, en canto aos criterios de puntuación, efectivamente se mantén o da organización de festas parroquiais. Hai que facer un reparto, hai que facelo dalgún xeito e o seu grupo entende que a mellor baremación que lle poden dar, dado que as entidades que se presentan a este tipo de subvencións son de moi diversa índole, é unha modificación para aumentar certos puntos. Pode beneficiar a algunhas en detrimento doutras, pero entenden que esta puntuación é a máis equitativa para todas as entidades que se presentan a esta convocatoria.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2012, que se achegan como Anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.

5º Proposta de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública

Vista a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 23 de marzo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 29 de maio de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, expón que se lle dá unha nova redacción á ordenanza fiscal número 13 reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública por dous motivos. Un, para adaptala á nova normativa fiscal que se publicou dende que se aprobou esta ordenanza e, sobre todo, para establecer un réxime de declaración de ingresos das empresas subministradoras de servizos de interese xeral, en concreto, referido ao contido das declaracións de facturación que obteñen anualmente e establecer un prazo para presentar as citadas declaracións. Continúa dicindo que se pretende coñecer a realidade dos ingresos brutos, establecer un mesmo prazo de presentación e ingreso para todas as empresas, e esixir os recargos aos que se refire a Lei xeral tributaria e, por outra banda, simplificar a xestión da taxa, estendendo o modelo de autoliquidación.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster e quere facer unha petición para que a ordenanza para os paneis publicitarios se axilice o máximo posible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que está de acordo coa petición do grupo de UxC respecto da ordenanza citada, que é unha petición xa longamente demandada polo seu grupo e, incluso, denunciada. O seu grupo é consciente, e di que este goberno tamén é consciente, de que o Concello de Cambre está deixando de percibir unha cantidade importante de diñeiro por non ter feito unha ordenanza que regule os paneis publicitarios. Isto impide que o concello dispoña de recursos, iso á parte da ilegalidade na que está incorrendo o concello, dado que hai bastantes paneis que non teñen licenza e que se colocan a libre albedrío.

A seguir, dona Marta María Vázquez Golpe manifesta que toma nota do rogo do voceiro do grupo municipal de UxC e di, respecto do comentario do Sr. Taibo, que si é certo que é necesaria a regulación dos paneis publicitarios, pero neste caso, por exemplo, nesta ordenanza que se presenta, reporta o triplo ou cuádruplo de ingresos dos que reportarían os paneis publicitarios, por isto a prioridade de aprobar primeiro esta ordenanza. Conclúe dicindo que, de todos os xeitos, a redacción da ordenanza dos paneis publicitarios está bastante avanzada e quere presentala para o vindeiro pleno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación íntegra da Ordenanza fiscal núm. 13, reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública, quedando redactada co seguinte teor literal:

“Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e do artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.d.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Concello de Cambre establece a "Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio público local" que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 20 e seguintes do citado texto refundido.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública, nos termos establecidos no artigo 6 desta ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas e autorizacións mediante as que se conceda o dereito á utilización ou aproveitamento especial, e con carácter xeral quen realicen os aproveitamentos, se procederon sen a oportuna autorización.

Artigo 4. Responsables

1- Responden solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2- Serán responsables subsidiarios as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Beneficios fiscais

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 6. Cota tributaria

1. As tarifas da taxa serán as seguintes:

1.1. Ocupación do subsolo, solo o voo da vía pública con cables de calquera tipo, ao ano por metro lineal ocupado, 0,50 euros.

1.2. Ocupación do subsolo, solo o voo da vía pública con tubos para a condución de auga ou gas, ao ano por metro lineal ocupado, 1,00 euros.

1.3. Postes de madeira, cemento armado ou ferro, cada un ao ano, 3,00 euros.

1.4. Estadas con publicidade colocados en terreo de dominio público, por m² ao ano ou fracción, 1,00 euro.

1.5. Por cada m², ou fracción de subsolo, solo o voo da vía pública ocupado ao mes, 1,20 euros

2. Nas taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as referidas empresas.

Para os efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos, as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicarase a estas empresas, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se realiza a subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereito de uso, acceso ou interconexións ás mesmas.

As taxas reguladas nesta ordenanza exisibles ás empresas explotadoras de servizos de subministración citadas neste punto son compatibles co imposto sobre construcións, obras e instalacións e con outras taxas que teña establecidas ou poida establecer o concello pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

Para os efectos do disposto no apartado anterior, terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no termo municipal polas empresas explotadoras de servizos de subministración, os obtidos en dito período por estas como consecuencia das subministracións realizadas aos usuarios, incluíndo os procedentes de alugamento, posta en marcha, conservación, modificación, conexión e substitución dos contadores, equipos ou instalacións propiedade das empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servizos e, en xeral, todos aqueles ingresos que procedan da facturación realizada por servizos derivados da actividade propia da empresa subministradora.

Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os seguintes conceptos:

- Os impostos indirectos que os graven.
- As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas subministradoras poidan recibir.
- As cantidades que poidan recibir por doazón, herdanza ou por calquera outro título lucrativo.
- As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos salvo que fosen compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que tiveran que incluírse nos ingresos brutos definidos con anterioridade.
- Os produtos financeiros, tales como dividendos, xuros e calquera outros de natureza análoga.
- Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
- O maior valor dos seus activos como consecuencia das regularizacións que realicen nos seus balances, ao abeiro de calquera normas que se podan citar.
- As cantidades procedentes do alleamento de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- Os demais ingresos procedentes de conceptos distintos das subministracións anteriormente mencionadas.

Os ingresos da subministración minoraranse exclusivamente en:

- As partidas incobrables e os saldos de dubidoso cobro, determinados de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto de sociedades.

-As partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por erro e que foran obxecto de anulación ou rectificación.

-As empresas que empreguen redes alleas para realizar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes destas. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de subministración a que se refire este artigo.

3. Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

Artigo 7. Período impositivo e devengo

O período impositivo coincidirá co ano natural, agás o disposto no punto 1.5 do artigo 6 desta ordenanza, que coincidirá co mes natural. Nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial aplicaranse as seguintes regras:

-Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre do ano, aboaranse en concepto de taxas correspondentes a ese exercicio, a cota íntegra. Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.

-Cando se cese na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio se devolverá a metade da cota. Se o cese ten lugar no segundo semestre, non se devolverá ningunha cantidade.

A taxa devengarase, tratándose de concesións de novos aproveitamentos no momento de outorgamento da concesión ou do inicio o aproveitamento sen ter obtido a preceptiva licenza. Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

Artigo 8. Normas de xestión: Réxime de declaración e ingreso

1. As cantidades esixibles conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes, sen prexuízo do disposto no artigo 7.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, acompañando declaración na que conste a superficie en metros cadrados, se se trata de ocupación do solo da vía pública, ou en metros lineais se é por conducción de calquera clase a instalar en subsolo, solo ou voo da vía pública, achegando un plano detallado de tales aproveitamentos.

No momento de solicitar a autorización, os peticionarios deberán ingresar o importe dos períodos a que se refire a súa instancia. Dito importe será **autoliquidado** polo suxeito pasivo, con expresión do artigo de suxeición e do/s concepto/s autoliquidados. Non se tramitará o expediente se non se ten efectuado o pagamento correspondente.

Os servizos técnicos deste concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións, se procedese, de non atopar diferenzas coas peticións de licenzas; se se desen diferenzas, se notificarán as mesmas aos interesados e se xirarán, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferenzas polos interesados.

3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados. Mentres tanto, se o interese xeral esixise a supresión do aproveitamento, a Administración Municipal revogará a licenza concedida, requirindo ao titular para que suprima á súa costa o aproveitamento.

Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, se aprobarán os padróns ou matrículas correspondentes.

4. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioración do dominio público local, o suxeito pasivo, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos gastos de reconstrución ou reparación.

5. As empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza deberán autoliquidar e ingresar a taxa con perioricidade trimestral. Poderán presentar a autoliquidación ata o último día do mes seguinte ou inmediato hábil posterior a cada trimestre natural.

A autoliquidación deberá expresar:

- Os ingresos brutos de facturación do período con indicación do número de clientes facturados.
- Importe das cantidades percibidas de terceiros por dereitos de acceso ou interconexión a redes propias con indicación dos suxeitos que aboaron tales cantidades e do importe correspondene a cada un deles.
- Importe das cantidades aboadas por dereitos de acceso e interconexión a redes propiedade de terceiros, con indicación dos suxeitos titulares desas redes e dos importes.
- Importe, no seu caso, dos ingresos non incluídos na facturación, por ter a consideración de cantidades percibidas por conta de terceiros, con indicación destes.

A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado comportará a esixencia dos recargos de extemporaneidade a que se refire o artigo 27 da Lei xeral tributaria.

6. A contía desta taxa que poidera corresponder a Telefónica de España, S.A. englobase na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo.

Artigo 9. Infraccións e sancións

En todo o relativo ás infraccións tributarias así como ás sancións que por elas correspondan será de aplicación o disposto na Lei xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.”

Segundo: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do concello o acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cuarto: Esta ordenanza fiscal definitivamente aprobada, comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

6º Moción relativa á potenciación da unidade de barrio da Policía Local presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no art. 46.2 e) da Lei 7/1985 e art. 125 do Regulamento orgánico municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 6630 o día 23 de maio de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“A posta en marcha dun servizo de “policía de barrio” ou de “policía de proximidade” ten como finalidade principal lograr que a policía local desenvolva o seu labor nun contexto de proximidade co cidadán, para atender as súas demandas e establecer unha relación de confianza mutua na procura dunha mellora nos niveis de seguridade.

Unidades de policía de barrio veñen funcionando en moitos concellos dun tamaño similar ao de Cambre con notable éxito, constituíndo esta realidade a maior demostración de que a proximidade entre os responsables da seguridade local e os cidadáns enriquece a convivencia e dota as zonas onde se atopa despregada de maiores niveis de seguridade, sobre todo na súa vertente preventiva.

Dicir, a maiores, que esta unidade xa veu funcionando con éxito e recoñecemento social anos atrás, en concreto na lexislatura de 2003 a 2007, se ben por diferentes razóns, principalmente as de carencia de efectivos, deixou de facelo.

Resulta evidente que as zonas urbanas do concello: os barrios do Temple, da Barcala e Cambre, por ser os máis poboados, e tal e como se desprende do documento “memoria da policía local de 2011”, por ser os que teñen máis incidencias e actuacións en materias como: accidentes de tráfico, denuncias por infraccións da normativa de circulación, comisión de delitos e faltas, infraccións administrativas, etc., son os lugares máis adecuados para a actuación deste servizo municipal.

Neste contexto, os socialistas de Cambre entendemos imprescindible que por parte do goberno municipal se dean os pasos oportunos co fin de que se repoña a unidade de barrio da policía local de Cambre, dotándoa dos recursos humanos e materiais precisos co fin de que desenvolva o seu labor de mellor maneira.

Sinalar que a pesar de que, como dicimos, xa está creada a citada unidade de barrio da policía no noso concello, a súa existencia e só no papel, non téndose producido un despregamento efectivo dela nos últimos anos. A día de hoxe as razóns de carencia de persoal non poden ser escusa para a súa posta en marcha, toda vez que, segundo ten coñecemento este grupo municipal, a partir do próximo mes de xuño o equipo da policía local de Cambre estará formado por 24 efectivos.

As demandas dos veciños nesta orde son reiteradas. Faise preciso potenciar o contacto directo e persoal da policía local cos veciños para detectar de primeira man as demandas de seguridade, os problemas de convivencia, as deficiencias nos servizos municipais, o cumprimento das ordenanzas municipais, etc., e así o entende a mesma policía local que na súa memoria do ano 2011, ao falar da unidade de barrio asígnalle as seguintes funcións: patrulla a pé polas zonas urbanas, vixilancia da disciplina do tráfico, cumprimento das ordenanzas e relación cos cidadáns.

Diante desta coincidencia da demanda veciñal e das capacidades policiais, só é preciso a vontade política do goberno municipal para poñer en marcha este servizo.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Instar ao goberno municipal co fin de que, coa máxima celeridade, dea as ordes oportunas co fin de repoñer o servizo de policía de barrio nas zonas urbanas do concello, en concreto nas existentes nas parroquias do Temple e Cambre, dando traslado a este grupo de todas as medidas que se vaian adoptando para o efecto.”

O Sr. alcalde expón que o día 8 de maio o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE don Augusto Rey Moreno presentoulle unha petición, na que solicitaba os seguintes documentos: copia do plan de emerxencia municipal, informe dos labores encomendados á Policía Local separados por quendas, mañá, tarde, noite e fin de semana, e, dentro de cada quenda, por franxas horarias, número de policías locais en activo a día de hoxe, así como os cuadrantes do servizo dos últimos tres meses. Engade que o xoves pasado na Xunta de Voceiros entregoulle ese informe da Policía Local a don Augusto Rey Moreno. Engade que a policía de barrio está a traballar xa dende o mes de abril nos núcleos do Temple, de Cambre e da Barcala a pé, deixan o vehículo estacionado e patrullan a pé. Continúa a dicir que, de todas maneiras, ve ben a moción e o seu grupo votará a prol. O seu grupo, o seu goberno ten ese compromiso e votará a prol da proposta, pero que saiban que a policía de barrio xa está funcionando, e cando se incorporen os policías que están na academia, aumentará o servizo, loxicamente coa policía de barrio, pero reitera que xa está funcionando dende o mes de abril.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o motivo da moción non é outro que o feito de que se trata dun servizo demandado por todos os veciños do concello. O seu grupo descoñecía que estaba funcionando dende o mes de abril e como ben di o señor alcalde, logo da solicitude do seu grupo, este informe se traslada e se lles fai chegar a semana pasada, e o seu grupo xa tiña presentada a moción.

Conclúe dicindo que é un servizo moi visualizado pola sociedade dada a súa proximidade importante, é un contacto dos veciños coa policía, día a día, importante nestas zonas urbanas sen desprestixiar ao resto das parroquias. Ese foi o obxecto da presentación desta moción.

O Sr. alcalde manifesta que está totalmente de acordo e o grupo de goberno vota a prol, porque para iso puxo en marcha o servizo dende o mes de abril, en canto se incorporaron as dúas persoas que estaban de baixa. Engade que non sabe que pensará a Policía Local do titular do xornal do día de hoxe, porque se non patrullan se lles está chamando vagos, as quendas están aí, ou enganan ao alcalde. Reitera que o seu grupo vota a prol da moción porque cren que é necesaria esa policía de barrio, pero que xa está traballando dende o mes de abril.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, explica que o motivo dese titular é que o seu grupo fixo investigacións no concello, tanto na parroquia do Temple, como na Barcala e no centro de Cambre, e por parte dos veciños, ese servizo, a día de hoxe, non se está visualizando.

O Sr. alcalde contéstalle que falará co xefe da Policía Local.

Don José Manuel Lemos Seoane expón que, en ningún caso, por parte do grupo municipal socialista poñen en dúbida o labor da Policía Local.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso Garcia Patiño, voceiro de UxC, quere comezar dicindo que el si ve á Policía Local patrullando no Graxal, no Temple, habitualmente, dende hai unha tempada, fala con eles, está con eles, ou sexa, están. En segundo lugar, partindo da base de que o seu grupo está a prol da moción, hai que darse conta que cando a policía está para facer cumprir as leis aos comerciantes, no caso do Graxal, non lles gusta moito.

Continúa a dicir que na lexislatura do 2003-2007 el estaba no equipo de goberno precisamente, e non foi tan boa experiencia como se quere vender agora. A policía de barrio queda moi ben vendela políticamente, á hora de gobernar, pero hai que ter moito tacto con esa policía de barrio, porque aos comerciantes ás veces non lles gusta, como o que pasou na rúa Pígara, que se tivo que reformar o proxecto de beirarrúas para que pudiesen aparcarse en dobre fila, un segundo, para ir á carnicería e marcharse. Se está a policía, ía multalos. Hai que ser conscientes de todo iso, e gustaríalle ter o informe da policía, saber que pensa a policía de todo iso, e que pensa da lexislatura do 2003-2007. Eles estaban neste período, o xefe da policía incluído, e os cabos incluídos.

Continúa a dicir que hai un tema que é importante, os políticos cando chegan ao concello e din hai unha beirarrúa que está mal, non saben se a policía pasou todas estas incidencias, que son moitísimas, e non só a policía, os que traballan neste concello que deberían facelo tamén. Fala tamén do tema dos excrementos dos cans. Continuamos coa mesma problemática no Graxal, na Barcala e en Cambre. Hai que facer algo con iso, porque cada día son máis os que se queixan. En definitiva, teñen que ser conscientes de que non todo é tan bonito como se quere vender, os policías poden estar paseando sen facer nada, ou dar unhas prioridades políticas, que é o que teñen que facer. O tráfico é normal, está a costa da Tapia, que é a máis transitada, e hai accidentes, pero é normal, porque onde máis se transita normalmente hai máis accidentes. Hai outra serie de cuestións que son importantes que a policía ten e debe facer e iso é o que realmente lle preocupa nunha policía de barrio e non vendela politicamente, ter policía de barrio, que queda moi bonito. Engade que no Concello da Coruña hai unha problemática precisamente con todo iso, que os comerciantes se queixan moito da policía de barrio.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que cre que a policía de barrio actúa basicamente sobre criterios políticos, teñen o seu xefe, que é o Sr. alcalde, que fará as indicacións que estime oportunas, onde deben pasar un pouco por encima, onde ou non deben multar, e os cometidos que teñen que facer. Pero, hai outras cousas interesantes, importantes, que están demandando os veciños dos barrios que se citan nesta moción, das zonas máis urbanizadas como A Barcala, Cambre e O Temple, que si necesitan da presenza da policía de barrio. Por exemplo a morea de graffitis que hai neses sitios, e noutros máis, graffitis e outras carencias máis. O que

pasa é que para iso están os criterios políticos e o Sr. alcalde é o xefe superior da Policía e é quen lle debe indicar máis ou menos en que termos se debe facer. Cre que é interesante e, efectivamente, o seu grupo tiña solicitada a memoria anual da policía, e alguen lle dixo que se estaba a realizar esa función, ese traballo de policía de barrio. Engade que o seu grupo apoia a moción, parécelle acertada aínda que, ao mellor, un pouco fóra de tempo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, expón que o seu grupo apoia a moción, di que lle parece acertada, o único que solicita é que se consensue cos sindicatos, cos representantes dos traballadores.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, expón que o seu voto é favorable á moción e que, pola súa parte, nada ten que obxectar aos membros da Policía Local de Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

7º Moción de defensa e promoción da sanidade pública presentada polo grupo municipal do BNG, ao abeiro do previsto no art. 46.2 e) da Lei 7/1985 e art. 125 do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde manifesta que, como sempre, ten que dicir, que esta moción se lerá, se discutirá, e tratará, pero non se vai a votar, porque non é unha competencia do pleno municipal, e así se di na propia moción. Continúa a dicir que nada pode facer o pleno do Concello de Cambre, non é unha moción resolutiva, é un rogo, e como tal o recolle.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que nas xuntas de voceiros se lle dixo que se se presentaban para que fosen votadas, cando é unha declaración de intencións, cando era este tipo de mocións, que había que presentalas, igual que reflicte o regulamento, con oito días hábiles. Esta moción, precisamente, presentouse dentro desas datas, para que se lese e votase. Engade que cre, que é o artigo 103 o que di que calquera grupo municipal pode ler e someter a votación do pleno unha moción, o único que fala é de cantas e do prazo. Non entende como o Sr. alcalde di agora que non se vota. Explica que ela non trouxo hoxe o regulamento, pero di que seguramente a señora secretaria llo pode dicir.

A continuación, a secretaria xeral expón que o artigo 125 do Regulamento orgánico municipal efectivamente di que se tratarán, pero ao final do artigo o que di é que o alcalde formulará a declaración que estime oportuna. Entón, con ese artigo na man, tal como está redactado, efectivamente se debaten, son mocións de tipo de control político,

que é o que se manifestou noutras ocasións, se é control político se debate, pero logo o equipo de goberno efectivamente adopta a decisión que estime oportuna.

En canto ao que se entende por moción, a secretaria xeral manifesta que unha moción ten que ser un asunto que sexa competencia do pleno, que o pleno teña unha competencia para adoptar un acordo, de tipo resolutivo. Tal e como está a día de hoxe redactado o Regulamento orgánico municipal é así. Tamén manifesta, que o que se viña facendo dende hai moito tempo, era que se trataban case todas as mocións, agás algunhas que infrinxían a norma en canto se trataba que o pleno adoptase acordos sobre materias que non eran da súa competencia, entón, esas non se votaban, o resto se ían votando. Pero o que hai que entender como moción, é unha proposta que presenta un grupo municipal, incluso, verbalmente no propio pleno, no mesmo momento do pleno, se é urxente, pero que sexa da competencia do pleno. Manifesta que a redacción do artigo 125 é clara, estas mocións son de tipo político e, polo tanto, poderían tratarse, debaterse, e o equipo de goberno adoptar a decisión que estime oportuna. As outras mocións, xa se ven dicindo reiteradamente, teñen que ser asuntos que sexan competencia do pleno, que sexan resolutivas, que resolvan algo. Di que ese outro tipo de mocións, quizais, cando se modifique o Regulamento orgánico municipal poden darlles as definicións que a Corporación estime oportuno, non infrinxindo a lei. Tal como está redactado o Regulamento orgánico municipal, a día de hoxe, está claro, as mocións do artigo 125 debatense, pero non hai por que sometelas a votación, e as outras, o Sr. alcalde é quen ten a postestade de decidir cando unha moción é un rogo e cando non o é.

A continuación, dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que non vai entrar en debate coa señora secretaria do concello, entre outras cousas, non é tan ignorante nin tan atrevida. Dona Maria Luisa de la Red, secretaria da Corporación, intervén e manifesta que criterios hai moitos e á hora de interpretar as leis tamén hai moitas interpretacións.

Dona M^a Victoria Amor Prieto quere que quede constancia de que hai unha cousa que lle chama moito a atención. Non sabe se foi no mes de xaneiro ou febreiro, dado que non viña preparada para este debate porque non pensaba que houbera outra vez problemas pola mesma situación, xa que agora tiñan presentado en prazo a moción, pero como dixo cre que foi no mes de xaneiro ou febreiro, que se presentou por parte do partido do goberno, do PP, unha moción respecto da custodia compartida e ademais viña datada en Almería. Presentouse, leuse e votouse. Chámalle a atención, pensa que todos son iguais, uns gobernan, outros están na oposición, e pensa que a secretaria debe velar por iso, se o goberno pode votar unha moción que ven datada en Almería, ese mesmo día ao grupo do BNG se lle dixo que non, porque a súa poñía de Santiago, e vale. Agora intentan cumprir o regulamento, e pide que sexa igual para todos cando menos, logo xa se cambiará.

O Sr. alcalde expón que continúa a dicir o mesmo que dixo. Agora mesmo non lembra a moción do mes de xaneiro, pero xa a mirará. De todos os xeitos, está de acordo que nos

primeiros plenos e quizais pola inexperiencia, votaban todo tipo de mocións. A Sra. secretaria foi quen lle comunicou o seu erro. O pleno pode decidir sobre cousas que sexan potestade do pleno. O que non pode é decidir o que pasa en Madrid, en Santiago ou en Pontevedra, ese é un rogo, e así a Sra. concelleira, rógalle ao goberno que traslade a moción a instancias superiores. Continúa a dicir que ben, que recolle o seu rogo e o traslada, pero non se necesita votar, é unha potestade da Alcaldía, porque se non, está obrigando ao goberno a facer algo que ao mellor, non quere. Engade que el non fixo o regulamento, fíxose por outras corporacións. Haberá que cambiar o regulamento se todos están de acordo, pero ata que se cambie, o regulamento é ese. Engade que como isto pasou os primeiros meses e houbo discusións sobre moitas mocións, nunha xunta de voceiros, onde non estaba dona M^a Victoria Amor Prieto, que estaba don Alfredo Rodríguez Abella, decidiuse que había que aplicar o regulamento, e o regulamento é o que se aplica.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, quere agradecer de maneira telegráfica ao Sr. alcalde, ao tenente de alcalde don Felipe Andreu Barallobre así como ao persoal municipal as facilidades que se lle deron esta semana para facer efectiva a súa toma de posesión e saudar cordialmente ao resto da Corporación.

A continuación don Daniel Carballada Rodríguez dá lectura á moción, a cal foi rexistrada de entrada ao número 6.469 o día 19 de maio de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública. É competencia do goberno da Xunta de Galicia, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

Actualmente a Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha iniciativa lexislativa popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual goberno galego. Esta proposición de lei pretende frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega, como garantía do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias de Galicia, na liña histórica marcada pola Lei xeral de sanidade (Lei 14/1986, do 25 de abril). Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada, que en países do noso contorno produciron un empeoramento da calidade e un enorme aumento dos custos.

A proposición de lei pretende mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria. O BNG de Cambre quere

lembrar a actual situación do centro de saúde do Temple, absolutamente insuficiente para as necesidades actuais da nosa poboación.

Na memoria dos orzamentos da Xunta de Galicia de 2010 aparecía que se ían construír 22 centros de saúde, que costarían 32 millóns e un deles sería o que se construíría no Temple. O 14 de outubro de 2010 o Consello da Xunta acorda facer 19 centros por un prezo de 47,5 millóns (reducen centros pero encárase bastante o orzamento). O 7 de abril de 2011 aparece no Diario da Unión Europea a oferta de construír 18 centros (outro menos), polo sistema de financiamento privado e cun custo de 233 millóns. Nese prezo vai incluída a edificación, conservación do inmovible durante os 20 anos da concesión, seguridade e persoal non sanitario. Ademais establécese a posibilidade de usar no centro público (no que eran terreos públicos) para explotacións comerciais privadas a beneficio da empresa que se faga cargo da concesión administrativa dos centros de saúde, o que pode implicar un uso fraudulento do solo público.

É moi importante que se faga o centro de saúde do Temple, pero non pode supoñer unha hipoteca para o futuro do sistema nin un fraude cos terreos públicos nos que se constrúe o centro.

Polo exposto, solicitamos do pleno da Corporación de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Reiterar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a demanda dun novo centro de saúde no Temple pero con financiamento e xestión pública.

Segundo: Manifestar o apoio da Corporación municipal á iniciativa lexislativa popular impulsada pola plataforma SOS sanidade pública e dar traslado del á presidenta do Parlamento de Galicia, voceiros parlamentarios e presidente da Xunta de Galicia.

Terceiro: Animar aos/ás veciños/as de Cambre a colaborar e apoiar esta iniciativa lexislativa.

Cuarto: Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a garantir a sanidade pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do sistema de saúde de Galicia.”

O Sr. alcalde maniféstalle ao Sr. Carballada que está de acordo en que é moi necesario o centro de saúde do Temple, pero que iso non é unha cuestión nova. Primeiro, os terreos para construír o centro de saúde do Temple, foron xa cedidos á Xunta de Galicia en escritura pública para construír ese centro de saúde. Cando o Partido Popular chegou ao goberno, unha das primeiras preocupacións que tiveron foi, non soamente o centro de saúde do Temple, senón a escola infantil. Continúa a dicir que teñen unha promesa que xa manifestou en anteriores plenos, da conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia. O centro de saúde vaise licitar este ano 2012 e comezará a construírse no ano 2013, así pode anticipar, e xa o dixo no pleno anterior, a escola infantil vaise comezar a construír

este ano e estará operativa no ano 2013. Xa o dixo en reiteradas ocasións neste pleno e segue manténdoo. Hoxe mesmo, falou coa delegada da Xunta na Coruña, dona Belén Docampo, e ratificoulle o que está a dicir agora mesmo. Reitéralle a instancia á consellería.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, quen manifesta que o Sr. alcalde suxire unha serie de cuestións que dende o punto de vista do BNG non se din, e, como pode haber certa dúbida, el fai o posible por rectificala. Recoñece a capacidade do Sr. alcalde dende que chegou ao goberno por solucionar determinados problemas, un deles, o relativo a esa parcela onde se van acoller unha serie de servizos públicos moi necesarios para a parroquia do Temple. Polo tanto, dende o BNG, nese sentido, ao Sr. alcalde como alcalde non hai ningún reproche. Agora si, quere facer constar, dende o BNG, como unha forza política progresista o que realmente está en debate a día de hoxe que deben saber os veciños do Temple, dos que, por certo, hai unha representación neste pleno, non está en xogo se vai haber ou non vai haber un centro de saúde no Temple, porque afortunadamente, no momento procesual actual todos saben que se non é no 2012, no 2013, vai haber un centro de saúde. O que está en xogo agora mesmo é saber se a xestión dese centro de saúde vai ser pública ou iso que se chama pública-privada. O que está en xogo é saber se os veciños do Temple terán un centro de saúde de titularidade e xestión total e absolutamente pública, como o centro de saúde de Cambre que foi modélico no seu día, ou van ter algo máis parecido aos enxendros que está habendo en Valencia ou en Madrid, da man de Camps, Esperanza Aguirre e ese tipo de gobernantes, polo tanto, a pelota está no tellado do PP, tanto no Concello de Cambre como na administración autonómica e, o que quere é non ter palabras senón un compromiso firme por parte da administración autonómica de que se vai construír un centro de saúde público para atender ás necesidades dos dez mil veciños e veciñas do Temple, e iso correspóndelle ao alcalde de Cambre, e de verdade dálle igual que se vote ou non se vote, que sexa moción, que sexa rogo, que sexa acordo plenario. Iniciar esa loita e ter ese compromiso, correspóndelle ao Sr. alcalde, que como alcalde de Cambre é quen lle terá que explicar aos veciños do Temple que tipo de xestión terá o centro de saúde da súa parroquia. Continúa a dicir que o seu grupo está, para que quede meridianamente claro, a prol de que no Temple teñan un centro de saúde de titularidade e xestión pública, porque o BNG está por unha sanidade pública, universal e gratuíta. Gustaríalle saber se cando o Sr. alcalde fala con dona Belén Docampo, co Sr. Núñez Feijóo o co consellerio do ramo, se está por un centro de saúde de titularidade e xestión pública ou permitirá que en Cambre se faga un centro de atención primaria cun sistema de xestión pública-privada.

O Sr. alcalde manifesta que a súa preocupación máis grande, cando se di o Temple abandonado, o Temple deixado da man, a súa preocupación dende o primeiro día que chegou aquí, foi o centro de saúde, por unha sinxela razón, pola carencia que ten e non valora a xestión pública, a xestión semipública, a xestión medio pública-privada. O que sabe é que a persoa que esté enferma e teña necesidade de ir ao centro de saúde, debe ser atendida, esa é a súa preocupación e non se vai preocupar agora da xestión dun centro de saúde que aínda o seu proxecto non está en licitación. O primeiro, quere ver

que está en licitación. O da xestión, cando no ano 2013 estea rematado, ou case, será cando presione para que a xestión dese centro sexa pública ou privada, para el, por suposto, pública. Di que pasou igual coa escola infantil. Entende aos veciños do Temple, claro que os entende, pero non poñer “o Temple abandonado polo señor alcalde”. As xestións estánse realizando e este alcalde leva once meses.

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que non lle están botando en cara iso, ao contrario, están recoñecéndollo publicamente, sinxelamente, gustaríalles que en Cambre o Sr. alcalde defenda un centro de saúde público.

O Sr. alcalde quere aclarar que el non abandona O Temple. En canto ao tema de levalo a un conduto de se é público, semipúblico ou privado, di que privado non pode ser e non vai ser, o que ten que pelexar é que o edificio dese centro de saúde estea, canto antes, rematado e ese é un compromiso que adquiriu cando entrou, e vai levalo a cabo, espera levalo a cabo.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, expón que o Sr. alcalde non pode dicir aos veciños que viven no Graxal que O Temple, O Graxal, dende o verán do ano pasado, seguramente por casualidade ou polo que sexa, estivo completamente deixado de todo, porque houbo unhas obras, pero non houbo un seguimento delas, que houbo unha nube de po, que non se podía nin abrir as ventás, e non se podía aparcar. Todos saben cando teñen unhas obras na casa, que teñen que estar incómodos quince días, un mes, pero non foi iso, foi deixamento. Estiveron os lastros, en bloques, polas beirarrúas durante meses. Todos os utensilios, as ferramentas desas obras alí abandonadas e iso foi o que enfadou aos veciños. Os veciños do Graxal entenden que cando hai obras, hai incomodidades, pero non durante tantísimos meses. Por exemplo, na rúa Constitución só hai unha papeleira e iso que hai unha praza no medio. Claro que pensan que están abandonados, é moi difícil aparcar, ben saben que o Sr. alcalde en once meses non o pode arranxar, pero hai outras cousas que si pode arranxar, en concreto, o das obras. Os veciños entenden que se fixo moi mal.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo apoia a moción, ou como queiran chamarlle, que presenta o BNG e instan ao goberno a que actúe como ven dicindo o Sr. alcalde, con dilixencia e présa para que o centro de saúde sexa unha realidade máis pronto que tarde.

Concedida a palabra a don Oscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, primeiro quere agradecer ao BNG que presente esta moción. O seu grupo está completamente de acordo, non a poden votar, pero o seu voto sería favorable e, ademais, están dobremente felices porque o Sr. alcalde tamén está de acordo con que sexa público, polo tanto, di que están encantados da vida.

O Sr. alcalde solicítalle ao Sr. García Patiño que non terxiverse as súas palabras. Di que ese é o seu pensamento, por el, debería ser público, agora, como comprenderá o Sr. García Patiño, como alcalde non ten poder de decisión, el pode instar, pode presentar o

rogo ás altas instancias, e así o vai a facer. Quizais, pense, como o Sr. García Patiño e o grupo do BNG, que a sanidade debe ser pública e, de feito, ese é un pensamento da Alcaldía, pero logo, os que deciden son outros.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo subscribe a totalidade desta iniciativa, e comparte a sensibilidade e inquedanza co BNG.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do Grupo Mixto, expón que comparte esta moción e cre que o importante é que se licite canto antes, que se constrúa e se dea servizo aos veciños da parroquia do Temple.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, expón que está totalmente de acordo coa proposta do BNG, o que xa non está tanto de acordo é coas manifestacións de dona M^a Victoria Amor Prieto, en canto á falta de vixilancia das obras, concretamente, das rúas Pígara e Padre Feijóo. Dóelle, porque el estivo por alí desde que se comezaron esas obras, a semana, non estivo dous días, estivo tres. É verdade que a obra foi lenta, houbo bastantes problemas e os segue habendo. Van molestar, de novo, aos veciños, porque teñen que levantar o aglomerado que puxo a empresa, porque é defectuoso, pensa que na rúa Padre Feijoo, concretamente, se levantará mañá e se volverá a aglomerar e xa advertiu que ten que quedar aberto e funcionando no fin de semana, teñen que volver a fresar todo o aglomerado que colocaron e poñer outro diferente, de mellor calidade. Continuarán cos problemas, pero o que queren é que as obras queden ben feitas e, efectivamente, as obras teñen o seu atraso, e pide desculpas por iso aos veciños. Di que tomarán as medidas oportunas para aplicar o contrato.

O Sr. alcalde expón que presentará este rogo á consellería.

8º Mocións ou propostas urxentes

O Sr. alcalde manifesta que ten unha moción do grupo socialista que está no mesmo caso que a moción do BNG.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, quere presentar unha cuestión de orde. Como pensaba que este tema estaba xa bastante solucionado, non ten na man o Regulamento orgánico municipal, pero como a cuestión de orde lle obriga a dicir os artigos, pide perdón e fai referencia ao contido e non aos artigos para xustificar por que non é o mesmo caso. A moción que presentou o BNG é unha moción de control político, é unha moción na que se dirixe a un órgano de goberno. Polo prazo na que a presentaron o goberno municipal deulle esa interpretación, pero en ningún caso lles piden que adopten algún tipo de resolución, senón que se dirixa a un órgano, a un órgano de goberno e, iso é o que di o regulamento. O regulamento orgánico o que di é que ese tipo de mocións se dirixe ao goberno municipal, como se dirixen ao goberno municipal e demandan do goberno municipal unha actuación, non están sometidas a

votación. Isto todo aparece no regulamento de Cambre, a lexislación non pon ningún tipo de impedimento a este respecto.

Di que á moción que o seu grupo está presentando, chámanlle declaración institucional, pero como en Cambre non teñen declaracións institucionais non están previstas no regulamento orgánico, algún tipo de cabida hai que darlles, como fan no resto dos concellos onde se presentan este tipo de mocións. Esta é unha moción de control político. O pleno é un órgano, á vez político e á vez xurídico. A lei en ningún caso distingue entre sesións resolutorias e políticas, como si o fai a Xunta de Goberno, polo tanto, o regulamento orgánico de Cambre non circunscribe as mocións ás cuestións de competencia do pleno, en ningún caso. O único que di é que son aquelas que se dirixen á Corporación para que a Corporación adopte unha resolución, porque é un órgano colexiado e se pronuncia a través dunha votación. En ningún caso cualifica ou permite discernir entre, segundo é, ou non é, competencia do pleno. Di que pode ser competencia do pleno porque o pleno como órgano político pode decidir adoptar algún tipo de posición sobre algún tema en concreto que pode ser competencia do concello ou pode afectar aos veciños de Cambre e non ser estritamente de competencia municipal.

Por outra banda, di que solicita que o Sr. alcalde valore o que está facendo, xa que segundo o artigo 20 da Lei de bases de réxime local, o alcalde soamente dirixe e establece a orde do día, pero o de cualificar as iniciativas políticas dos grupos políticos, cre que iso excede das competencias do alcalde e das competencias da secretaria. A xurisprudencia do Tribunal Constitucional ampara o que di, e invoca o artigo 23.2 da Constitución, que fala do dereito ao exercicio do cargo e tamén ao exercicio do cargo representativo, o cal inclúe a capacidade que teñen os representantes para elixir a forma ou o instrumento que van utilizar para dar saída ás súas iniciativas.

Continúa dicindo que se queren presentar isto como rogo ou como moción, é algo que o seu grupo decide por criterios de oportunidade política, pero que en calquera caso non vén dado nin dende a Secretaría do municipio nin, moito menos, dende a Alcaldía. Di que ten competencia para cualificar as iniciativas políticas dos grupos a mesa do Parlamento, pero porque a mesa do Parlamento está composta por un representante de cada grupo político, que non é o caso da mesa dun concello, por iso, o alcalde nas súas competencias do artigo 20 non ten a capacidade de cualificar as iniciativas políticas dos grupos políticos.

Concedida a palabra á secretaria xeral da Corporación, expón que, como é unha cuestión de tipo xurídico, segue mantendo o mesmo que dixo dende que está neste concello. As mocións son as que define o ROF, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e teñen a mesma definición no Regulamento orgánico municipal, ou sexa, que non se modifica nada, as mocións son as propostas de acordo que se someten fóra da orde do día a un pleno e urxentes. Porque é así. Porque todos os asuntos que se tratan no pleno obrigatoriamente deben ditaminarse pola comisión informativa que corresponda, é dicir, para todos os asuntos que se traten

no pleno é preceptivo o ditame da comisión informativa. Non é preceptivo o ditame dunha comisión informativa cando o asunto require urxencia.

En canto a que asuntos se tratan no pleno, trátanse os asuntos que son competencia do pleno. Hai que ir ao que verdaderamente se vai debater, a cal é a proposta que se debate. Neste caso a proposta que se vai debater non é unha competencia do pleno. Será política, porque os Sres. concelleiros así o están decidindo, parécelle moi ben, e ela non ten por que dicir o contrario, pero é unha cuestión política, non é unha resolución, non é un acordo resolutorio. Polo tanto, o Sr. alcalde, que é quen dirixe o pleno, debe de determinar como tratar o asunto, e iso xa o dixo nun informe que xa teñen os señores concelleiros, volverá a repetilo, e logo xa adoptarán o acordo que estimen oportuno, ou poden pedir os informes que teñan a ben, pero non poden basearse no artigo 23 da Constitución española, xa que, efectivamente, o artigo 23 o que reconece é o dereito á participación política, punto. A partir de aí, régúlase nas distintas leis.

Continúa dicindo que tampouco se poden desvirtuar os asuntos, aquí están falando de mocións, que son propostas que se presentan ao pleno con carácter urxente e hai que declaralas de urxencia, pois para que o pleno adopte un acordo sobre un asunto, primeiramente, ten que estar ditaminado favorablemente pola comisión informativa, senón, non se pode presentar ao pleno. O lexislador así o reflicte para o caso de que unha vez convocado o pleno, apareza un asunto que é urxente e haxa que tratalo, ou sexa, está motivada esa urxencia e é unha competencia do pleno. Di que estas outras cuestións, son de tipo político.

Segue a dicir que sente que sexa así, pero ese é o seu criterio, que seguramente que hai outros e mesmo, máis fundados en Dereito que o seu, pero ese é o seu criterio. As cuestións políticas hai que deslindalas das demais, e, neste concello, segundo o Regulamento orgánico municipal, mentres non estea claramente deslindado, para ela a cuestión xurídica son os asuntos que sexan da competencia do pleno, as propostas da Alcaldía, mocións, que é o que di o regulamento e o Real decreto lexislativo, e precisamente declárase a urxencia porque doutro xeito deberían presentarse primeiramente ditaminadas pola comisión informativa correspondente.

Continúa dicindo que é moi lóxico, porque o concelleiro antes de vir ao pleno a adoptar un acordo sobre un asunto que se presentou un día ou dous días antes, necesita lóxicamente formar a súa vontade e saber se o acordo que vai adoptar é legal, non é legal, ou mesmo, se lle convén, porque, ao mellor, politicamente, algún grupo non lle convén o que lle convén a outro grupo e necesita o tempo para pensalo. Unha cousa son as cuestións políticas e outras cousas son efectivamente as competencias do pleno e ao pleno se presentan os asuntos, e así se pode comprobar nas ordes do día dos plenos, que son competencia do pleno, non se presentan asuntos que non son competencia do pleno, non se presenta unha lizenza de obras, que correspondería a un concelleiro ou ao señor alcalde que o ten delegado, ou non se presenta outra cousa que o pleno delegara na xunta de goberno local. Di que aquí non hai ningunha delegación do pleno na xunta de goberno local, pero tamén hai concellos onde o pleno delega cuestións que son

competencia do pleno e as delega na xunta de goberno local, entón, única e exclusivamente son eses asuntos os que deben ser incluídos na orde do día, o resto, segundo o seu criterio, son temas políticos, e eses temas políticos non veñen claramente establecidos no Regulamento orgánico municipal, non se definiu o que son unhas declaracións institucionais. O que si se dixo é o que se ía facer. Díxose na xunta de voceiros pasada, e o sinte, non o puido preparar, o traballo que hai no concello non llo permitiu. Segue mantendo o mesmo criterio e o Sr. alcalde é quen pode determinar se considera que un tema dunha moción é unha moción ou é un rogo neste caso.

Continúa dicindo que a secretaria podería dicir se é un asunto competencia do pleno comprobando as competencias do pleno, todo o mundo se dá conta que isto non é unha competencia do pleno. Xuridicamente di que isto non é competencia do pleno, non está nin na Lei de bases nin no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, non está establecido como unha competencia do pleno. Están claramente taxadas as competencias do pleno, repite, claramente taxadas. Tamén están claramente taxadas as competencias do alcalde, e a xunta de goberno local non ten competencias, agás as que lle delegue o alcalde ou o pleno. Logo, isto non é unha competencia do pleno e mentres no Regulamento orgánico municipal, que os concelleiros deben aprobar, e que sería a norma do Concello de Cambre, non establezcan iso, o alcalde pode determinar. Se lle preguntan a ela, claramente di que isto non é competencia do pleno, pero o alcalde se o quere, o pode tratar, votar e demais. Para ela, ao mellor podería considerar que é un rogo e se admite, e non é unha moción, e se trataría, é o que se viña facendo. O que se vaia a facer no futuro, os criterios que se adopten, quedouse que se presentaría unha proposta na xunta de voceiros, e que se decidiría; mentres tanto, segue mantendo o mesmo criterio, non o pode cambiar, é así para ela, e di que pode estar equivocada.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias País, manifesta que cre que a secretaria está equivocada. O artigo 23 efectivamente, di o que di, pero logo hai todo un desenvolvemento constitucional, moita xurisprudencia que veu establecer iso que se está a dicir. En segundo lugar, cre que na propia exposición hai contradición, porque evidentemente non entra na orde do día, porque non é un acordo de competencia do pleno.

A secretaria maniféstalle que ela mesma o está dicindo.

Continúa dona Margarita Iglesias País expoñendo que se non se ten regulado unha declaración institucional hai que ter en conta que o pleno, onde están representados os grupos políticos, os representantes dos cidadáns, ademais de órgano administrativo tamén é un órgano político, e non se ten a capacidade de darlle saída a través de declaracións institucionais, porque este concello o fai así, pero na maior parte dos concello preséntanse estas mocións todos os días. Engade que, se entón non se ten ese outro vehículo, cre que o lóxico dende un punto de vista democrático, sería facilitar interpretar extensivamente, cre que a interpretación que se está a facer é incorrecta, a diferenza entre unha e outra é o órgano a quen se dirixe. En calquera caso entende que o

pleno terá capacidade tamén para, como órgano, dirixirse a calquera outra institución. Como rogo é ao grupo de goberno, ela fala doutro órgano. Nos municipios hai varios órganos, a xunta de goberno, o alcalde e o pleno. O pleno tamén terá capacidade de pronunciarse dende un punto de vista político, se non teñen o instrumento da declaración, que non o teñen, porque á vista do que se presentou hoxe da declaración institucional que non tiñan claro se era unha resolución da alcaldía ou se a tiñan que votar, non o teñen moi claro.

Concedida a palabra á secretaria xeral, expón que polo que a ela lle corresponde, ela di o que estima que é unha moción, que xa o fixo constar en anteriores informes que xa teñen, e segue mantendo o mesmo criterio, e hai que distinguir a parte política da parte resolutiva. As competencias do pleno están claramente taxadas na Lei de bases de réxime local, o resto o que se estime no Regulamento orgánico municipal é o que os concelleiros queiran, que, efectivamente, serán o órgano lexislador que aprobará unha modificación do Regulamento orgánico municipal e decidirán o que queiran para Cambre. Parécelle moi ben, pero as competencias do pleno están claramente taxadas na Lei de bases de réxime local, nada máis, esas son as materias. Do resto, se son cuestións políticas, efectivamente, e dende o punto de vista xurídico, non se lle pode pedir que ela estableza criterios, ela non establece eses criterios, aínda que se está dando conta de que todos a miran a ela para establecer un criterio. Di que ela xa dixo claramente o que para ela é unha proposta, o que é unha moción, o que é un asunto que é competencia do pleno. O resto é o Sr. alcalde quen decide se é un rogo ou é unha moción, e non é porque o diga ela, se se miran sentenzas, as hai, quen ten competencia para decidir é o alcalde. Se o alcalde establece un criterio é o seu criterio, non é criterio da secretaria da Corporación. Os criterios que se mantiveron no Concello de Cambre son uns, poden cambiarse se o alcalde quere, que é quen está gobernando. O que veña detrás, tamén poderá cambiar os criterios, son cuestións políticas. Á secretaria soamente lle poden pedir o que son cuestións legais, e niso mantén o que dixo. Para ela, isto non é competencia do pleno e para ela sería un rogo, e o alcalde é quen ten que determinar o que estime oportuno, e seguir os criterios que el establezca xunto cos concelleiros. Modificar o regulamento hai que facelo, para non ter eses problemas.

Xuridicamente ten claro o que é unha moción, unha proposta que se somete ao pleno por urxencia, no porque no Regulamento orgánico diga que se poden presentar tres días antes de que se faga a convocatoria, non; por urxencia, hai unha urxencia en tratálo, é competencia do pleno e se trata. Porque hai que facelo así. Sinxelamente, porque se non, debería obrigatoriamente estar ditaminado pola comisión informativa, que é onde os señores concelleiros forman a súa vontade do que queren en relación con ese asunto e non vir a un pleno a adoptar un acordo que, polas présas, como sempre pasa, quizais incluso outros grupos, non xa o equipo de goberno, senón outro grupo que estea agora mesmo na oposición, non lle dá tempo para preparar o asunto, e poden decir si, porque lles parece que está moi ben presentado e despois de ter adoptado o acordo ver que verdadeiramente pensaba doutra maneira. Hai que formar a vontade nas comisións informativas por iso é polo que se presentan os asuntos desta maneira, urxentes, competencia do pleno; o resto, son declaracións institucionais que poden incluír. Agora,

efectivamente, hai moitos concellos que inclúen as declaracións institucionais, pero establecen loxicamente no Regulamento orgánico municipal como facelo. Iso serán os señores concelleiros os que dirán como queren que se faga, pero o que é unha moción urxente está claro, neste sentido, ten que ser competencia do pleno e isto non é unha competencia do pleno, sería en tal caso un rogo.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que como non o van resolver o tema quere que conste en acta a protesta.

O Sr. alcalde preguntalle á señora concelleira se o le como un rogo. Contéstalle que ela o prefire ler como unha moción, e que lle dean tratamento como unha moción. O Sr. alcalde di que non, para el é un rogo, a señora concelleira insta ao goberno de Cambre á derogación dun Real decreto lei. A Sra. concelleira manifesta que insta ao pleno. O señor alcalde manifesta que o pleno non é competente para derogar un Real decreto lei. Se o quere tratar como un rogo, o debaten, o tratan pero non o votan; ou, se o quere deixar sobre a mesa e o presenta doutra maneira, como ela queira.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que o lerá, pero non sabe se hai outras mocións antes. O señor alcalde manifesta que hai unha moción do grupo municipal de EU, da que van a votar a súa urxencia.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal de EU, sobre a retransmisión dos plenos

Rexistrada de entrada ao núm. 6768 o día 25 de maio de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“A importancia das novas tecnoloxías da información e a comunicación nas administracións públicas faise patente cunha cada vez maior presenza de ferramentas informáticas que permiten ao cidadán o acceso á información e aos trámites administrativos.

A crecente democratización da información a través do abaratamento dos medios e das melloras técnicas, permite hoxe en día que a tecnoloxía estea presente en case todos os ámbitos da vida.

Os plenos municipais, como lugar de toma de decisións e debate de asuntos que afectan directamente aos vecinos do municipio teñen que ter o carácter público necesario, para que todos os vecinos poidan ter a mesma oportunidade de coñecer directamente o seu contido.

A adaptación dos concellos (como medio máis cercano e directo no trato co cidadán) a estes cambios dixitais é o que establece a Lei 11/2007 de administración electrónica e os seus desenvolvementos posteriores, que obriga aos consistorios a establecer as fases de implantación destes dereitos esixibles polos cidadáns en todo o que afecta ao seu acceso electrónico aos servizos públicos. Falamos, por tanto, de cuestións que teñen que ver coa transparencia e cun modelo de goberno aberto.

Así mesmo, o acusado distanciamento da política en relación coa sociedade debe acurtarse a través dos mecanismos que faciliten a transparencia das decisións tomadas polos representantes públicos.

O desenvolvemento e abaratamento das tecnoloxías da información pon ao alcance da man de calquera concello a posibilidade de ofrecer aos cidadáns e a baixo custo unha comunicación directa sobre aquelas cuestións que lles afectan e que se debaten e dirimen nos plenos municipais, cuxas sesións son públicas pero non sempre contan coa afluencia que desexaríamos, porque tamén temos que ter en conta que cuestións como os problemas de mobilidade, a idade, ou responsabilidades de todo tipo impiden a moitas persoas, desprazarse ata o concello e saír da casa para asisir aos plenos, o que non significa que non estean interesados neles. É a nosa obriga facilitarlle a todos os vecinos a opción de seguir o debate no que se toman acordos que les repercuten directamente.

A proposta que presentamos nesta moción pode ser levada a cabo cun mínimo de investimento económico, que redundará na participación veciñal, na imaxe que transmita esta corporación e no crecemento dentro dunha sociedade dixital.

Polo exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Dotar de medios técnicos para a gravación de imaxe e son, dos plenos municipais e a súa emisión en directo a través de “streaming” ou calquera outro dispositivo de similares características.

Segundo: Habilitar espazo visible e facilmente accesible na web municipal na que hospedar as diferentes gravacións, con indicacións da data de celebración e sesión que se pode visualizar, para a consulta en diferido de sesións xa celebradas.

Terceiro: Utilizar os medios de información do Concello, tales como a propia páxina web ou os paneis informativos, entre outros, para anunciar as retransmisións e informar aos veciños desta opción de participación na vida política do concello.”

O Sr. alcalde manifesta que na exposición de motivos da moción, EU fala de cuestións que teñen que ver coa transparencia e cun modelo de goberno aberto. El cre que hai poucos concellos no contorno que teñan as actas literais do que di cada un dos voceiros colgadas na páxina web.

De todas formas, con estar de acordo coa moción presentada, el cre que hai outras prioridades no concello, porque EU fala de que se trata de pouco investimento económico, pero el pode dicirlles que esta mesma ocorrencia tamén a tivo o grupo de goberno. El pode dicirlles que con data 2 de marzo pediron uns orzamentos para retransmitir os plenos a través das novas tecnoloxías, pero cos orzamentos que lles pasaron están falando, aproximadamente, duns 5.000 euros para facer a instalación, e despois teñen uns 800 euros mensuais de custo da retransmisión.

El sinceramente cre que hai outras necesidades no concello, tendo en conta que os plenos son públicos, poden vir todos os veciños que queiran, e, ademais, teñen as actas literais colgadas na páxina web do concello.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que está totalmente de acordo en que as actas están transcricas literalmente, pero non é o mesmo ler un armatoste, armatoste polo número de páxinas, non porque non sexa interesante, pero son unha media de 50 páxinas. Ademais non é o mesmo estar lendo o Sr. Marante di...., o Sr. Taibo contesta,, non é o mesmo que ter o acceso e a posibilidade de ver o que está pasando.

Di que respecto dos orzamentos, pediunos caros, xa que ela ten unha fórmula totalmente gratuíta. Cando dixeron na moción que era gratuíta, é que é así, porque hai un servidor de streaming, que é un sistema que coloca na páxina web unha ventana, o que comunmente se coñece como youtube, no que pinchan o play e retransmite o que está pasando nun momento determinado. Di que igual a calidade de visión non é como a dunha película, pero vese perfectamente o que está pasando no pleno.

Os medios necesarios para retransmitir un pleno é un ordenador, que teña unha cámara web, ou unha simple videocámara, e unha persoa que o manexe, por exemplo, o goberno municipal dispón dun xefe de comunicación, persoal de confianza, que ten dentro das súas competencias a coordinación da páxina web e dos seus contidos. Están falando dun servizo absolutamente gratuíta, é máis, ela tamén ten varios orzamentos, non viron aquí coas mans baleiras, ten un incluso máis caro que o do Sr. alcalde, de 9.000 euros, e ese xa está descartado, pero ten outro que non é dos gratuítos, por ter un pouco de aparencia por respecto aos veciños, e custaría retransmitir cada pleno 112 euros. Non sabe se o Sr. alcalde considerará iso caro, entón poden comezar a comparar con outro tipo de cousas nas que se gasta no concello.

Di que independentemente de comezar a discutir ou non, ela cre que non están ben informados, e igual que a oposición ten a obriga de estudar as propostas que lles

presenta o equipo de goberno para ver se están de acordo ou non, o goberno tamén se debería informar un pouco máis. Saben que esta proposta se está levando a cabo en moitos concellos e, precisamente, esta demanda é a que leva a que existan servidores gratuítos para poder retransmitir en directo, e incluso almacenar e ver o que pasou no pleno de hai 5 meses.

Parece que non lles gustara a transparencia, porque como lles dixo son absolutamente gratuítos, e por iso, gustaríalles que se sometera a votación esta moción, e puidendo ser, que se levara a cabo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, quere puntualizar que o Sr. alcalde comparábaos con concellos limítrofes sobre a transparencia en canto á publicidade dos plenos, nos carteis luminosos, as actas do pleno na páxina web, e incluso aos micros dos que dispoñen. El quere dicirlle que iso tamén se fixo a raíz dunha moción presentada por EU no pleno de xullo de 2007.

Di que se teñen estes medios, estes micros e esas actas dos plenos na páxina web, é motivo dunha moción presentada por EU, polo que algo teñen que ver tamén eles co tema da transparencia.

O Sr. alcalde contesta que non lle vai discutir iso ao Sr. Taibo, el non sabe o que pasou no ano 2007, pero dálle as grazas por telo levado a cabo, pero o que di, e segue dicindo, e que el cre que o Concello de Cambre nese sentido é transparente, grazas á proposta de EU, está de acordo en que foi unha proposta súa, el simplemente di, con todo o respecto á Sra. concelleira, que el ten tres orzamentos, e dos tres orzamentos deulles o máis barato.

Di que hai que acadar unha cámara de video de polo menos 2.500 euros, porque cun ordenador cunha minicámara non é posible gravar a sesión, iso xa o din todos os técnicos. Hai que facer un cableado, descargar a cámara nun portatil e despois o tráfico de subida e baixada ao servidor, que son os 112 euros aos que a Sra. concelleira se refire, e que el tamén ten. Explica que son 112 euros/mes, pero a iso hai que sumarlle todo o demais.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo esta proposta parécelle moi correcta, no sentido de que sempre estarán a prol de todo o que facilite a transparencia dos temas que se tratan nos plenos do concello, porque é importante para todos os veciños.

Di que eles traían algunha dúbida, que lles aclarou tanto os orzamentos que presenta o equipo de goberno, como algo dos estudos que presentan os compañeiros de EU, en canto ao custo deste servizo.

Conclúe dicindo que dende o seu grupo gustaríalles, ao mellor aparcando isto ata o seguinte pleno, se é consideración dos demais grupos, e que se faga un estudo real do custo que pode ter ese servizo. Por iso, vanse abster nesta cuestión.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, sempre agardando que os orzamentos que manexan os concelleiros de EU sexan os adecuados, e sexan os que se van levar a cabo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vai votar a prol da moción. El non pode discutir os orzamentos duns e doutros porque, realmente, di que non está moi posto nisto das novas tecnoloxías, e, por suposto, logo será tamén criterio do equipo de goberno as prioridades que ten respecto do gasto.

Conclúe dicindo que, en principio, parécelle correcto, sempre e cando os custos sexan o que está comentando o grupo de EU.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el está de acordo coa proposta que fai o grupo municipal do PSOE. Di que hai distintos orzamentos, hai unha diverxencia aí que deberían aclarar, porque, ao mellor, efectivamente se pode facer por eses 112 euros, pero ao mellor a transmisión é mala.

Cre que se se fai, débese facer para que os veciños o poidan ver correctamente, polo que el entende que era mellor deixalo sobre a mesa, teñen un mes para debatelo, e traelo ao seguinte pleno, que tampouco cre que pase nada por un mes, e de verdade consensuar eses orzamentos, para que en caso de que se poña, se faga con garantía de que os veciños o poidan ver.

Conclúe solicitando que se deixe para o vindeiro pleno, e que o consensúen.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que a súa intención nesta moción, como todas as mocións que traen os grupos, é o beneficio dos veciños, e si é certo que teñen unha pequena discordancia, aínda que quere facer unha puntualización, porque unha cousa é o videopleno, e outra cousa é a retransmisión streaming, e por iso lle gustaría facer ver a diferenza entre os 9.000 e os 100 euros. Di que a videoacta o que fai é instalar todo un dispositivo con cámaras e demais, grava e ao mesmo tempo esa gravación o que está facendo e escribir a acta, algo que lle aforraría á secretaria moito tempo, e automaticamente, en cuestión de 5 minutos, o veciño que quixera, con pulsar o enlace que hai nesa páxina vería a acta ao momento. Estarían maximizando os recursos do concello por 4000 euros. Cre que o Sr. alcalde debería telo en conta.

O que eles propoñen é moitísimo máis humilde, trátase dunha cámara cunha web para que a xente vexa o pleno, e ese si que é o servizo que o Sr. alcalde ten de 100 gigas de 112 euros.

En todo caso, se eles teñen o compromiso firme do goberno de que van estudar este tema, pedir orzamentos, e incluso van ver cos funcionarios implicados, a conveniencia de ver cal das dúas opcións, ou ningunha, ou algunha, poden levar a cabo, eles non teñen ningún problema en deixar de debatila, pero sempre co compromiso firme, porque o que queren é que un veciño que se atope, por exemplo, impedido, ou unha persoa que estea na casa, poida acceder á vista do pleno. Nese sentido non terían ningún tipo de problema.

O Sr. alcalde manifesta que o compromiso do grupo de goberno o teñen, porque eles xa pediron eses orzamentos no mes de marzo, polo que había unha inquedaanza pola súa parte, xa que tamén algún veciño llelo comunicou.

A eles parécelles ben que EU trouxera a moción, están de acordo, agora teñen que comprobar coa Sra. interventora, unha vez consensuado que tipo de retransmisión queren, se hai orzamento para facelo.

El apoia o que dixo o Sr. Marante e gustaríalle que fora unha boa retransmisión, non só unha minicámara que non permita ver cando os concelleiros toman a palabra.

Conclúe dicindo que ten o seu compromiso de tratalo, velo e discutilo, chegar a un consenso. Teñen o compromiso do grupo de goberno.

Dona M^a Olga Santos López di que está ben, pero gustaríalle puntualizar que, entre que sexa óptimo e non o sexa, que non quede isto en nada, porque consenso é consenso.

O Sr. alcalde amosa a súa conformidade, así pois a moción presentada polo grupo municipal de EU queda sobre a mesa para o seu posterior estudo.

9º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Escrito rexistrado de entrada ao núm. 5661 o día 4 de maio de 2012, procedente do Director Xeral do Gabinete, Presidencia Xunta de Galicia, no que agradece o envío do acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 28 de marzo de 2012, respecto do rexeitamento da reforma laboral aprobada polo goberno central.

- Escrito da Consellería de Sanidade, rexistrado de entrada ao núm. 6643 o día 23 de maio de 2012, no que comunica que o 9 de maio rexistrouse nesa Consellería a petición de autorización dunha botica anexa de emerxencia no núcleo da Barcala, e que o 16 de maio se iniciou pola Secretaría un acordo de inicio de expediente ao respecto.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 644 de data 7 de maio de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 7 ao 9 de maio de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 758 de data 31 de maio de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 31 de maio de 2012 ata o día 8 de xuño de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

10º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Antes de dar lectura aos rogos presentados, dona Margarita Iglesias País, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta se ao ter tratado a súa moción como un rogo, iso vai ter efectos en canto ao cómputo de rogos presentados, porque nese caso elixirían entre os que van ler.

O Sr. alcalde contesta que non o vai ter en conta, e que lles vai permitir ler todos os rogos presentados, aínda que cre que non o debería facer porque iso pode sentar precedente con outros grupos.

Dona Margarita Iglesias Pais sinala que, nese caso, van ler en primeiro lugar a moción.

Así pois, dáse lectura a moción rexistrada de entrada ao núm. 6703 o día 24 de maio de 2012, que consta do seguinte teor literal:

Moción relativa a instar á derogación do Real decreto lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

“O Goberno de España anunciou, unha vez aprobados os orzamentos do ano 2012, un recorte adicional de 10.000 millóns de euros, centrado en sanidade e educación, ao tempo que a prima de risco se disparaba. Corresponde ao gasto educativo, responsabilidade das comunidades autónomas, un 30 % desa cifra total, é dicir, 3.000 millóns de euros que logo debe ser desagregada por territorios. A Galicia tocaralle unha parte, aínda sen determinar con exactitude por parte do goberno de Núñez Feijóo.

As medidas previstas polo Real decreto lei 14/2012, son nocivas para o sistema educativo, pero os socialistas de Cambre dicimos algo máis: que esta política non é a única posible.

De acordo co Plan de Estabilidade 2012-2015 que remitiu o goberno Rajoy a Bruselas, o gasto público do conxunto das administracións reducirase nun 19% ata o 2015, para situarse nun 37% do PIB. A converxencia coa Europa adiantada esixe facer xusto o contrario do que se propón: reforzar a base impositiva do Estado, con tributos de ampla base e progresivos, para soste uns servizos públicos universais e eficaces que reforen a nosa competitividade.

O Real decreto lei establece:

- A posibilidade para as CCAA de elevar un 20% o número de alumnos por aula (o que elevará o número en primaria de 25 a 30; en secundaria de 30 a 36, e en bacharelato e educacións especiais de 35 a 42 alumnos por aula), mentres a taxa de reposición de efectivos sexa inferior ao 50%, e todo iso sen ter en conta ao alumnado repetidor o que fai que na práctica as aulas de primaria superen os 30 alumnos, as de secundaria os 36 e as de bacharelato os 42, masificando de forma moi grave as aulas nos centros educativos.
- A elevación das horas lectivas para os profesores por riba das obrigas actuais, fíxándose un mínimo de 25 horas en primaria e de 20 en secundaria.
- A cobertura das baixas dos docentes sen recorrer a persoal adicional polos propios centros se son de menos de dez días laborais, ou sexa, dúas semanas enteiras, o que na práctica se traduce en que terán que ser os outros profesores dos centros os que se fagan cargo dos alumnos e, normalmente, en que non terán esas horas de clase. Esa era unha medida que xa impulsara a Xunta de Galicia.
- A eliminación transitoria de complementos retributivos ou retribucións variables.
- A redución da obriga legal de ofertar polo menos dúas modalidades de bacharelatos nos centros, o que terá consecuencias negativas en todas as áreas, pero máis acentuadamente no rural. O que suporía unha reorganización moi marcada de moitos centros, facendo desaparecer algúns departamentos, recolocando a moito profesorado e, seguramente, facer innecesario a algún e afectando ás decisións das familias que verán

como se alonxan as opcións de bacharelato. E inclusive, supoñendo unha redución do nivel pedagóxico dos centros.

- O aprazamento da actualización de módulos de ciclos formativos da FP ao curso 2014-2015 dende o 2012-2013. Neste punto, de acordo con noticias de prensa, o conselleiro de Educación xa anunciou que suspende a implantación de novos ciclos.

- O incremento das taxas universitarias, superando nalgúns casos o 50% que conxuntamente co recorte das bolsas ao estudo e primando outros criterios para a súa concesión, que non son os económicos, van facer que á universidade só vaian a estudar os ricos, cortándolles esa posibilidade ao resto da poboación.

Criterio unánime de expertos, asociacións de pais e sindicatos é que estas medidas afectarán negativamente á calidade do ensino, contribuirán de forma decisiva ao despoboamento do rural ao eliminar os centros educativos actualmente existentes.

Así mesmo, favorecerán de forma clara e contundente ao ensino privado fronte á escola pública, ao tempo que se crea unha educación para ricos e outra para pobres, voltando así a situacións vividas na época predemocrática e que pensabamos que xamais voltarían.

Estas medidas provocarán unha redución notable do número de profesores, afectando en primeira instancia aos interinos e substitutos pero tamén posibilitando a non cobertura das baixas por xubilación que, no seu efecto acumulado nun horizonte medio, pode chegar a situarse no 20-30% do total (de feito, o gasto educativo no 2015 será un 21% inferior).

A masificación das aulas e o incremento das esixencias ao profesorado terán consecuencias sobre o nivel dos alumnos. A non cobertura de baixas, sumándose á asunción do seu custe na maioría dos casos polos propios profesores, provoca un aforro adicional e unha deterioración agudizada da docencia. Os alumnos deberán adicionalmente enfrontarse a unha oferta educativa adelgazada.

Os problemas de fondo do sistema educativo non se enfrontan, con estas medidas: nin a porcentaxe demasiado elevada de fracaso escolar nin as deficiencias da FP, por exemplo. Polo contrario, con estas decisións cabe agardar unha intensificación dos problemas.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro: Instar ao goberno municipal co fin de que remita escrito aos presidentes dos gobernos de España e da Xunta de Galicia, co fin de que adopten as medidas oportunas para instar a derogación do Real decreto lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento de Galego, co fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto polo Concello de Cambre.”

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación contesta que todos son conscientes de que as medidas que está levando a cabo o goberno non son agradables, pero si que son necesarias, iso debido, precisamente, á situación na que os ten situado o partido que está presentando esta moción.

Di que, afortunadamente, en Galicia non vai afectar o mesmo que a outras CCAA, e, sen defender que haxa recortes, dende logo, dende o goberno municipal de Cambre van facer todo o posible, dentro das súas posibilidades económicas, para que non haxa ningún tipo de carencias no municipio. O que estea dentro do seu orzamento e das súas posibilidades.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o criterio de oportunidade e de decisión política é dicir onde se recorta, e do que eles están falando é que non lles parece ben onde se recorta. En canto a que en Cambre non van sufrir as medidas, di que tendo en conta o comportamento, algunhas veces, dos dirixentes do Partido Popular, que cando din que non está na axenda aos dous meses ocorre, ante esa posibilidade que xa coñecen, gustaríalles que se trasladase a súa petición de derogación do Real decreto.

O Sr. alcalde di que recolle a súa proposta e vaille dar traslado, pero di que o PSOE ten representantes, tanto no goberno do Estado como no goberno da Xunta, para presentar esta iniciativa, sen que o goberno de Cambre teña que adoptar unha proposta de acordo. Di que el segue a dicir o mesmo que dixo antes, que isto é un rogo, e que como tal rogo o recolle e vai facer o posible por trasladalo ao presidente da Xunta.

A continuación trátanse os rogos rexistrados de entrada ao núm. 6631 o día 23 de maio de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1º.- No expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) correspondente ao ano 2012, tramitado pola Deputación provincial, a obra presentada polo Concello de Cambre “Renovación de rede de subministración do servizo de auga en Agra do Mero”, cun orzamento de 198.490,30 euros, atópase pendente de aprobación definitiva por carecer dunha serie de autorizacións dependentes de: Dirección Xeral de Patrimonio, Ministerio de Fomento, ADIF, Augas de Galicia e Estradas da Xunta.

A carencia destas autorizacións pon en perigo a aprobación pola Deputación do financiamento desta obra, co conseguinte perigo de non poder ser executada.

Por todo o anterior, solicitamos se nos informe de cando se ten previsto levar a cabo a chegada das distintas autorizacións requiridas pola Deputación.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o único que falta por chegar é a autorización de Patrimonio e de Augas de Galicia, as outras xa chegaron todas. Di que todas elas se pediron entre os días 24 e 25 de xaneiro, e foron chegando entre o 2 de abril e o 8 de maio. Agarda que nestes días cheguen as dúas autorizacións que faltan.

2º.- Máis de seis meses logo de ter adxudicada a obra, finalmente, no presente mes de maio, comeza a construción da cuberta da pista polideportiva do colexio Portofaro, sen que saibamos, a día de hoxe, se o proxecto sufriu algunha modificación técnica ou orzamentaria.

Por todo o anterior, solicitamos se nos informe sobre as vicisitudes do mencionado proxecto, dende a súa adxudicación á execución final da obra.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que, finalmente, o proxecto non sufriu ningunha modificación técnica nin orzamentaria. O que pasou é que se tomaron unhas medidas cautelares debido a que tiveron un informe do director de obra no que se dicía que non se correspondía a proposta de cimentación co que dicía o estudo xeotécnico.

Explica que o que se fixo foi requirirlle ao redactor do proxecto que lles aclarase esas dúbidas que se estaban formulando. O redactor do proxecto aclarou por que había esa diferenza entre o que o propoñía el de cimentación e o que propoñía o estudo xeotécnico. Di que esa diferenza viña dada porque o estudo xeotécnico baseábase nun proxecto anterior moito máis ambicioso onde, á parte da cubrición, facíanse unhas bancadas, cambiábase a pista, etc., mentres que o proxecto estaba redactado simplemente para o que se facía neste momento, que era a cubrición da pista.

Continúa dicindo que, aclarada esta dúbida, retomaron o procedemento, e o propio redactor presentou un complementario xeotécnico onde xa queda perfectamente aclarado todo este malentendido.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, entón, entenden que non hai incremento no custo final, e que os prazos de execución se respectan.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que así é.

A continuación, e antes de dar paso á lectura do rogo número 3, o Sr. alcalde proponlle ao grupo socialista, que como hai un rogo doutro grupo político sobre a mesma cuestión, e aproveitando que así cumpren co límite de 3 rogos por sesión, prescindan de dar lectura a este rogo.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, acepta a proposta.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 6790 o día 26 de maio de 2012.

1º.- Solicitamos se nos informe do lugar que ten previsto o goberno municipal para aparcas nas vindeiras festas de Cambre, Brincadeira e Rock in Cambre.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que, despois de realizar diferentes xestións, teñen xa comprometidos varios terreos na zona do cemiterio, na zona onde se vai realizar o festival. Están á espera da confirmación doutros dous terreos de gran capacidade onde poderán aparcas gran cantidade de coches, e que quedaron de confirmarlles entre esta semana e a que vén.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se, entón, o único que hai son xestións, e teñen os terreos para facer o festival pero aínda faltan os do aparcamento.

Don Santiago Manuel Ríos Rama responde que perdoe se se expresou mal, que xa teñen confirmados varios terreos preto do cemiterio, o que lles falta son eses dous terreos máis grandes, cunha maior capacidade.

2º.- A semana pasada a asociación de veciños do Temple, xunto con veciños e mozos realizaron unhas xornadas de limpeza e información sobre os graffittis, ten pensado o goberno municipal algún tipo de colaboración ou actividade ao respecto?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que tanto a súa compañeira a Sra. González Roel como el mesmo, se reuniron en varias ocasións, a última delas onte, co promotor desta idea que é Roberto, da Asociación Crit España, non a asociación de veciños do Temple, para levar a cabo unha dinamización moito maior da iniciativa. Entenden que é unha das mellores ideas que poida ter achegado un veciño, unha asociación, ao Concello de Cambre.

Polo tanto, como xa lle comunicaron ao promotor persoalmente, por parte do goberno municipal vai ter todo o apoio.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que eles asistiron á reunión, porque viron o cartel da asociación de veciños, por iso a formulación da pregunta, en todo caso, alédase moito das palabras do Sr. concelleiro porque el está totalmente de acordo, é unha idea excelente que teñen que aproveitar e impulsar.

3º.- Solicitamos a limpeza da praza interior da rúa Padre Feijóo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 6930 o día 28 de maio de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º.- O noso grupo municipal reuniuse con persoas de Cambre que dende hai anos reclaman a instalación nun centro de saúde do concello dun equipo de “presoterapia” para tratamento ás mulleres operadas de cancro de mama, co fin de realizar drenaxes linfáticas tras a operación. Ata o momento, estas pacientes teñen que trasladarse a dependencias na cidade da Coruña e esperar un longo período entre cita e cita para recibir as sesións de tratamento, ou do contrario asumir un custo no servizo privado.

Por isto solicitamos ao goberno realice as xestións oportunas para implantar este servizo en Cambre ou no ámbito dos concellos do Consorcio das Mariñas.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación contesta que están en conversacións co Consorcio. Di que o goberno de Cambre, xa co goberno anterior, dende outubro de 2007, solicitou a máquina de presoterapia para o centro de saúde de Cambre, sen moito éxito. Concretamente, dende que está ela, xa solicitou dúas reunións, e de momento non lle dan moita esperanza de poñela en Cambre.

Di que vai tratar agora de intentalo a través do Consorcio, a ver se teñen un pouco máis de sorte por facelo para varios concellos ao mesmo tempo. En todo caso, ela ten na Concellería de Sanidade unha partida de 4.000 euros e xa están preparando e estudando orzamentos para facer un programa cun fisioterapeuta, que sirva para que estas mulleres teñan unha serie de exercicios controlados, que lles permita mellorar o tratamento do seu problema. Agarda poder empezar a desenvolverlo a partir do verán.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, felicita á Sra. concelleira pola xestión porque, como ben dixo, levan uns sete anos, senón máis, solicitándoa, e á parte, é unha máquina que ten un custo moi baixo, cre que vale menos de 2.000 euros, é dicir, non implica nin un lugar demasiado grande para colocala, nin é unha máquina excesivamente custosa.

2º.- Á falta de escasos tres meses para as festas de Santa María de Cambre, non temos coñecemento concreto da programación dos ditos eventos.

Por isto pregamos nos informen da programación das festas e do orzamento previsto para a súa organización.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que están ultimando o programa. El agarda que nas vindeiras semanas se fará público, e non terá

inconveniente en pasarllo ao resto dos grupos da Corporación, así como a todos os veciños.

Conclúe dicindo que o orzamento é de 87.214 euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, lembra que no pleno pasado quedaron de pasarlle por escrito unha documentación sobre as festas, que a día de hoxe non teñen. Di que tamén solicitaron por escrito o expediente relativo ao contrato do concello coas persoas que organizan o festival Brincadeira.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que xa pasou a petición aos técnicos sobre o contrato do festival Brincadeira, e pasaranllo proximamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el cre que un mes é tempo máis que suficiente para facilitarlles esa documentación.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que sente o atraso, pero di que el en canto lle chegou a petición, xa o tivo en conta.

3º.- Atendendo á actual crise económica e ao déficit que ten España, como consecuencia da inadecuada xestión das institucións públicas, así como á actual petición de numerosas organizacións, asociacións, partidos políticos e outros axentes sociais que coidamos necesario que a Igrexa debe pagar o IBI polos seus bens inmobles.

Sen esquecer o RDL 20 de 30/12/11 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que instaba ás corporacións locais a unha suba do IBI de entre o 4 e o 10%.

Tendo en conta as exencións fiscais das que gozan diversas entidades, sobre todo a Igrexa Católica, que é a maior posuidora de bens inmobles.

E sobre todo, ante a resposta escrita do goberno do PP ante as preguntas que o grupo parlamentario de IU no Congreso dos Deputados, na que literalmente dixo: “que os bens inmobles propiedade da Igrexa Católica estarán inscritos ao seu favor e serán os concellos os que deban xirar o correspondente imposto e a igrexa xustificar, no caso de que así corresponda, a exención correspondente”.

Polo exposto o noso grupo municipal presenta o seguinte rogo: Que se faga un censo no Concello de Cambre dos bens inmobles rústicos e urbanos que estean censados e rexistrados a nome da Igrexa Católica e outras confesións relixiosas, así como das súas entidades e asociacións afíns.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que, en principio, non vai recoller este rogo, por dous motivos. En primeiro lugar porque de momento non hai ningunha

normativa estatal que diga que a Igrexa non estea exenta do pagamento do imposto de bens inmobles, polo tanto, malgastar recursos e tempo en elaborar un censo para despois non facer nada con el, parécelle unha tontería.

Por outra parte, di que tampouco ese censo é competencia do concello, porque é unha xestión que está cedida na Deputación, e nin sequera faría falta elaborar un censo, porque o censo de bens catrastais, tanto rústico como urbanos xa existe, no Catastro e na Deputación.

Dona Olga María Santos López, concelleira de EU, manifesta que as opinións, son iso, opinións, e a da Sra. concelleira, con todo o seu respecto, non é o que está a debate, senón que o que se está pedindo en tantos concellos é levar un censo para despois, en función dese censo poder tomar unha determinación de se se está perdendo unha cantidade importante de recursos no concello, e a Sra. concelleira do equipo de goberno non quere recoller ese censo, entende que por ideas políticas, eles terán que tomar a medida de presentar esta iniciativa con outro carácter, e sometela a votación.

Dona Marta María Vázquez Golpe contesta que non é así. Di que isto non é ningunha idea política, senón que é normativa, é dicir, ela non vai pasar por alto o exercicio das súas funcións. Reitera que non é unha cuestión política, é unha cuestión de responsabilidade. A ela non lle parece serio no exercicio das súas funcións pasar por alto as leis, os convenios que haxa coa Santa Sede ou con outras confesións relixiosas, e toda a regulación que hai tributaria, a lei de mecenazgo, as leis de asociacións, etc. É dicir, mentres haxa unha lei que regule esas exencións, e iso non varíe, ela non vai facer nada que supoña unha perda de tempo e de recursos que non sirva para aplicalo.

Dona Olga María Santos López di que respecta a súa opinión, pero di que entón non é a persoa apropiada para presentarlle este rogo e, polo tanto, presentarano ante a Corporación.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6631 o día 23 de maio de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

1ª.- Enterados da execución ao longo deste próximo verán, e por un período de catro meses, das obras de remodelación do campo da feira e, por tanto, do conseguinte traslado temporal de equipamentos e servizos municipais (parque infantil e parada de taxis) a outros lugares, este grupo pregunta:

Onde se ten previsto recolocar a parada de taxis?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente contesta que, en principio, tal e como se ten configurado o desenvolvemento deste proxecto, non sería

necesario ter que recolocar a parada de taxis en ningún sitio. Cre que van poder executar as obras, polo menos na súa gran maioría, mantendo a parada onde está.

2ª.- Os datos do paro rexistrado do mes de abril do Ministerio de Traballo confirman un incremento do desemprego en Cambre que se fixa en 2.280 veciños, 362 máis que no mesmo mes do 2011 e 48 máis que no pasado mes de marzo de 2012. Esa cifra representa un incremento anual do 19%, o que resulta a todas luces moi preocupante para todos. Por todo isto o grupo dos socialistas de Cambre pregunta:

Ten previsto o goberno municipal adoptar, por si mesmo ou coa axuda doutras administracións, algunha nova medida asistencial ou destinada a fomentar o emprego, co fin de atender ás familias que sufren a eiva do paro, en especial a aquelas que teñen desempregados a todos os seus membros?

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que non só teñen previsto adoptar novas medidas, se non que case a totalidade das medidas que se teñen adoptado ata agora son novas, por exemplo:

- a liña de axudas a emprendedores con 60.000 euros
- o plan de formación municipal do ano 2011 con 7 cursos, no ano 2012, 14.
- oficina de captación de ofertas, nova, inexistente ata agora
- orientador laboral. Solicitouse á Xunta de Galicia un orientador.
- programas de cooperación. Esta é quizais a única medida que non sexa nova, xa que se trata dunha subvención da Xunta de Galicia que se repite. Di que solicitaron 36 traballadores, cun custo total de 695.000 euros.
- plans FD, tampouco son novos, pero si é novo que lles teña chegado e teñan conseguido dous novas homologacións para Cambre
- campañas de promoción económica, obviamente non son novas, pero si que están facendo novas campañas

Di que estas son algunhas das cousas, o que non exclúe a participación noutros programas e que sigan traballando polo fomento do emprego.

Polo que se refire ás persoas en risco de exclusión social, con todos os seus membros en paro, xa existe unha partida en Servizos Sociais destinada a emerxencia social, hai outra partida para bolsas de estudos, outra para actividades extraescolares (programa Mañanceiro), escolas deportivas, actividades de Servizos Sociais, e o servizo de axuda a domicilio.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que só quere matizar que ao principio da súa intervención a Sra. concelleira dicía que todas eran absolutamente novas, e logo, ao longo da súa intervención, foi matizando.

Dona Marta María Vázquez Golpe sinala que non dixo iso, que o que dixo é que case todas eran novas, e ás que non son novas, foron incorporándolle novidades ou foron incrementándose.

Dona Margarita Iglesias Pais a felicita, pero dille que, obviamente, a situación vaise deteriorando e o paro aumenta, polo que, por suposto, cada ano as medidas son maiores. O que lle están preguntando é se do orzamentado, do previsto ao inicio do ano, vanse adoptar medidas novas.

Dona Marta María Vázquez Golpe contesta que ela o que lle di é que o Concello de Cambre, a través da concellería que ela dirixe, está facendo o que ten que facer.

Dona Margarita Iglesias Pais sinala que a Sra. concelleira comprenderá que, ao mellor, haberá outras opinións do que hai que facer.

Dona Marta María Vázquez Golpe di que rectifica, e que se vai seguir facendo o que se ten que facer.

O Sr. alcalde intervén para sinalar que o grupo socialista fixo unha pregunta e a Sra. concelleira xa contestou, non comprende este debate. É unha pregunta e unha resposta, a Sra. concelleira pediu unha aclaración e contestáronlle, pero non poden entrar nun debate.

3ª.- Como consecuencia da crise e o estado de necesidade de moitas familias, estase a producir o abandono da educación concertada e privada, a favor da escola pública, por non poder facer fronte aos custos derivados. Esta situación prodúcese en coincidencia coa adopción de fortes recortes en educación, todo isto pode provocar que as previsións de prazas da administración educativa, queden curtas no noso concello. Por todo isto, o grupo dos socialistas de Cambre pregunta:

Ten pensado o goberno municipal adoptar algunha medida, en colaboración coa Consellería de Educación, para anticiparse e buscar solucións a este problema?

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación contesta que dende o goberno municipal están en contacto continuo coa Consellería de Educación. Di que as medidas das que xa teñen falado conxuntamente refírense a que o concello pon a disposición os terreos que están en Lendoiro, e a consellería vai facer un colexio, aínda que non este ano, senón para o vindeiro curso ou o seguinte. Por iso as medidas para este ano, e para o seguinte, van a facerse a través da ampliación dos colexios existentes. Aínda non está moi definido como se vai facer, pero vai dársele solución a todos os nenos de Cambre, e será unha solución que vai estar en Cambre.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, solicita que cando teñan concretado en que vai consistir a ampliación llelo transmita, para saber como se vai dar

salida, xa que segundo os datos que lles deu o goberno, sobre todo en educación secundaria, hai un déficit de prazas no concello.

Dona M^a Jesús González Roel di que en canto teña todos os datos, comunicarállelo a todos os grupos, como fixo o outro día. Di que o xoves terán a Comisión de Escolarización, e a partir de aí xa lles teñen que dar algunha solución para a carencia de prazas que hai en Cambre.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6789 o día 26 de maio de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que sabe que a primeira e segunda preguntas van dirixidas ao concelleiro de Contratación, polo que vai darlles lectura, pero entende que se lle contestarán por escrito.

O Sr. alcalde contesta que así se fará.

A continuación o voceiro de UxC dá lectura a ambas preguntas.

1^a Cando ten previsto o goberno poñer en funcionamento o SAV, servizo de atención ao veciño?

2^a Cando ten previsto sacar a contratación o contrato do servizo de auga que actualmente está en precario?

3^a En setembro de 2011 UxC solicitou información referente á licenza de tres terreos nos que se exercían actividades e o goberno nos contestou que non tiñan licenza municipal, que medidas adoptou o goberno municipal dende entón?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira delegada de Urbanismo e Medio Ambiente contesta que se ditaron resolucións para que nestes tres terreos se suspendan os actos que estaban levando a cabo neles.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6930 o día 28 de maio de 2012.

1^a A participación cidadá nos asuntos públicos debe ser unha realidade como ferramenta para encauzar e garantir fórmulas de participación dos veciños/as de Cambre, establecendo fórmulas de democracia participativa como complemento da democracia representativa.

Despois da celebración do último foro de participación cidadá, propúxose e acordouse por parte da maioría dos participantes, a inmediata celebración doutra xuntanza co obxectivo de crear os distintos Consellos Sectoriais e o Consello Xeral de Participación Cidadá, dándolle forma a organización do regulamento.

Pasado un certo tempo dende a celebración, o noso grupo pregunta:

Cando pensan os responsables do goberno organizar a próxima xuntanza?

O Sr. alcalde contesta que, efectivamente, o último foro de participación cidadá foi o día 24 de marzo, e a el entregáronlle o informe de todo isto hai exactamente 12 días. Di que está en contacto, e xa se puxo de acordo co responsable técnico, o que pasa é que a vindeira semana está fóra. Agarda que cando volva este funcionario, poñer xa unha data para empezar a traballar nos consellos sectoriais e no Consello de Participación Cidadá.

2ª O pasado xoves 10 de maio, a asociación de veciños do Temple realizou unha concentración onde, entre outras cousas, solicitaban a inmediata reapertura do rexistro da Casa das Palmeiras. A concentración non soamente foi ignorada polo grupo de goberno senón que intentou ser ridiculizada publicamente por algún dos seus membros dando claro exemplo de falta de respecto á entidade vecinal, e ás persoas e colectivos presentes no acto, que independentemente do número que asistan debe ser respectada como un dereito libre e democrático da cidadanía que a día de hoxe aínda non foi eliminado.

E por todo isto que o noso grupo pregunta:

Para cando pensa o goberno facer efectivo o acordo plenario e proceder canto antes a reapertura do rexistro da Casa das Palmeiras?

O Sr. alcalde pídelo ao Sr. Taibo desculpas no que lle toca, pero dille que cando fixo a pregunta non a entendeu. Non entendeu que quixo dicir con iso de que *“intentou ser ridiculizada publicamente por algún dos membros dando claro exemplo de falta de respecto á entidade veciñal”*. Di que non sabe como foi iso, non o entendeu.

En canto á pregunta que lle fai, di que todos saben que se pechou o rexistro da Casa das Palmeiras porque lles facía falta a persoa que estaba alí, e dada a cantidade de papel que se movía no Temple, agás como xa dixo noutros plenos, cando hai certificados de empadroamento para os colexios. Como facía falta ese funcionario noutro departamento, decidíronse polo mal menor, que foi pechar temporalmente o rexistro da Casa das Palmeiras.

Di que é verdade que votaron a prol no acordo plenario, porque así o tiñan previsto, reñoñelo canto antes. Están niso, e el agarda que no mes de xullo o rexistro quede reanudado, iso é o que agarda, pero todos saben que agora mesmo non poden contratar ningún persoal, por lei.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el se aledaría de que fose así, e supón que tamén os veciños do Temple. Agarda que para o mes de xuño estea aberto o rexistro da Casa das Palmeiras e esa actividade se siga levando a cabo como se facía hai escasos tres meses.

En relación co que se dicía na pregunta, di que foi simplemente un comentario que a el non lle pareceu de bo gusto, así como a moita xente do Temple e a outras persoas que estaban alí concentradas, cando o grupo de goberno dixo nunha rede social que había máis políticos que manifestantes, que xente concentrada. Cre que alí había un problema, que teñen os veciños do Temple, que piden a reapertura da Casa das Palmeiras e que protestaban contra as antenas da telefonía móbil e por unha serie de deficiencias que hai no barrio. Iso era o importante, e non tanto o número de veciños, como se intentaba ridiculizar un pouco nas manifestacións na rede social.

Cre que hai que ter un pouco de tacto e saber respectar as manifestacións, porque alí había persoas de distintos colectivos, de distintas asociacións que se sentiron un pouco agraviadas polos comentarios desa persoa que hoxe non está presente. Di que iso é o que el sente de verdade, que esa persoa non estea hoxe aquí.

O Sr. alcalde insiste en que el pídelle desculpas no que lle toca como responsable do goberno. Parécelle moi ben unha manifestación, porque é un dereito democrático. El non ten por que ridiculizar absolutamente a ninguén, porque, ademais, parécelle unha expresión de liberdade.

Conclúe reiterando que se foi un comentario malicioso, pídelle desculpas no que lle toca, igual que llo pide a todos os veciños do Temple.

3ª No pleno do pasado mes de novembro aprobouse unha moción presentada polo grupo de EU na que pretendiamos instar ao goberno do Estado, a modificar a Lei hipotecaria co fin de regular a dación en pago e adoptar as medidas necesarias para evitar os desafiuzamentos por motivos económicos.

Ademais disto no punto terceiro aprobouse a creación dunha Comisión Especial Mixta, para estudar as medidas a emprender a nivel municipal para paralizar os desafiuzamentos, na que participen representantes do pleno municipal e das asociacións de afectados, veciñais e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática

Nas comisións informativas de decembro, o alcalde informaba, ante o noso requirimento de información sobre a previsión de creación da comisión, que estimaban que a mellor opción era incluír esta iniciativa no foro de participación cidadá, algo que, evidentemente non ocorreu.

Ante isto o noso grupo pregunta:

Cando ten pensado o goberno acatar e cumprir tal e como está obrigado o acordo plenario para poñer en marcha a dita comisión?

O Sr. alcalde sinala que como practicamente xa contestou na primeira pregunta que fixo EU sobre cando comezan a funcionar os consellos sectoriais e o Consello xeral de Participación Cidadá. Se iso non comezou a funcionar, loxicamente esa comisión que ía estar integrada no Foro de Participación Cidadá, loxicamente non se puido constituír. En canto comece a funcionar, a van constituír.

Di que ata agora o que se está facendo con toda a xente que acude a Servizos Sociais por un tema dun desafiuzamento é estar en contacto co gabinete xurídico do Consorcio e con Stop desafiuzamentos, para que lle dean toda a colaboración posible e contan tamén co apoio de Servizos Sociais. Cando comece a funcionar o tema de Participación Cidadá, este é un compromiso e se creará a comisión preceptiva.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non cre que sexa necesario lembrarlle ao Sr. alcalde que tivo lugar un intento de desafiuzamento no concello, e que ante eses temas non poden pechar os ollos. Todos saben a cantidade de problemas que ten a xente, non só de Cambre, senón de todo o Estado. Entre o terceiro trimestre do 2007 producíronse en España máis de 150.000 procesos de desafiuzamento, como consecuencia dos 328.000 que están apercibidos de execución.

Di que cre que isto urxe moitísimo, ademais a comisión que se vai crear podería estar contribuíndo para axudar e contribuír a recoller firmas para a iniciativa legislativa popular que se vai a presentar no Parlamento sobre ese tema. Volve dicir que vai bastante tempo dende o anterior foro e cre que habería que poñerse as pilas e traballar nese sentido, porque fai moita falta e, seguramente, os veciños afectados o van agradecer.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6837 o día 28 de maio de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

1ª Na sesión ordinaria do pleno do 21 de xullo de 2011, no punto 5º o señor alcalde informa que co diñeiro que se vai aforrar coa modificación do “proxecto de humanización do Graxal” íase arranxar a travesía da Igrexa e a rúa Francisco Rodríguez.

Cando van comezar estas obras? Que duración estimada vai ter a súa execución?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que, efectivamente, modificouse o proxecto de humanización do Graxal, e as obras da travesía da Igrexa, rúa Francisco Rodríguez, rúa Párroco M. Cobas e rúa Álvaro Cunqueiro. Vanse facer coas baixas que hai en obras que se están licitando ou xa adxudicadas. Di que, por exemplo, está adxudicada a área recreativa que vai no Paseo Marítimo, e tamén está

pendente de adxudicar a marquesiña que vai xunto ao polideportivo do Graxal, pero que con esas dúas baixas soas non é suficiente para o orzamento das rúas antes citadas. Di que teñen que agardar a adxudicar a remodelación do campo da feira, obra á cal se presentaron 72 empresas, e están abríndose estes días os sobres. Son 160.000 euros o que custa a pavimentación desas cinco rúas do Temple, e unha vez que se adxudique o campo da feira agarda que chegue o diñeiro, e se hai que achegar algo, farano.

Conclúe dicindo que están pendentes diso para inicialo.

2ª Diferentes colectivos de persoas con mobilidade reducida manifestaron as súas queixas diante do BNG pola carencia de transporte adaptado.

Que está a facer o grupo de goberno para mellorar esta situación? Cando se vai dar unha solución definitiva a este problema como veñen demandando dende hai meses as persoas afectadas?

Dona Mª Jesús González Roel contesta que non sabe se solución definitiva pero, dende as posibilidades do concello, a través da aprobación dos orzamentos, houbo unha partida de 10.000 euros que vai destinada ao bono-taxi. Di que xa chegaron a acordos con algún taxista de Cambre, co eurotaxi da Coruña. Xa hai un mes que se pasou esta ordenanza a Secretaría e por motivos xa comentados antes, por exceso de traballo, foi imposible traela a este pleno. Dende Servizos Sociais teñen todo terminado, feito, e en canto a comprobe por Secretaría, porase en funcionamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia